

I. DISPOSICIÓN XERAIS

XEFATURA DO ESTADO

3649 *Lei 5/2014, do 4 de abril, de seguridade privada.*

JUAN CARLOS I

REI DE ESPAÑA

Saiban todos os que a viren e a entenderen que as Cortes Xerais aprobaron e eu sanciono a seguinte lei:

PREÁMBULO

I

A seguridade non é só un valor xurídico, normativo ou político; é igualmente un valor social. É un dos piares primordiais da sociedade, atópase na base da liberdade e a igualdade e contribúe ao desenvolvemento pleno dos individuos.

Os Estados, ao establecer o modelo legal de seguridade privada, perfílanos como a forma en que os axentes privados contribúen á minoración de posibles riscos asociados á súa actividade industrial ou mercantil, obteñen seguridade adicional máis alá da que prové a seguridade pública ou satisfán as súas necesidades de información profesional coa investigación de asuntos do seu lexítimo interese. Nesta óptica, a existencia da seguridade privada configúrase como unha medida de anticipación e prevención fronte a posibles riscos, perigos ou delitos. A consideración da seguridade privada como unha actividade con entidade propia pero, á vez, como parte integrante da seguridade pública, é hoxe un feito innegable.

Non só en España senón fundamentalmente no noso contorno europeo, a seguridade privada converteuse nun verdadeiro actor das políticas globais e nacionais de seguridade.

Nos últimos anos producíronse notables avances na consideración cidadá e na reformulación do papel do sector privado da seguridade, recoñecéndose a importancia, eficacia e eficiencia das alianzas público-privadas como medio para facer fronte e resolver os problemas urxentes e variados de seguridade que se producen na sociedade. Cada vez máis, a seguridade privada considérase unha parte indispensable do conxunto de medidas destinadas á protección da sociedade e á defensa dos dereitos e lexítimos intereses dos cidadáns.

A seguridade, entendida como pilar básico da convivencia exercida en réxime de monopolio polo poder público do Estado, tanto na súa vertente preventiva coma investigadora, encontra na realización de actividades de seguridade por outras instancias sociais ou axentes privados unha oportunidade para verse reforzada, e unha forma de articular o recoñecemento da facultade que teñen os cidadáns de crear ou utilizar os servizos privados de seguridade coas razóns profundas sobre as cales se asenta o servizo público da seguridade.

A proxección da Administración do Estado sobre a prestación de servizos de seguridade por entidades privadas e sobre o seu persoal baséase no feito de que os servizos que prestan forman parte do núcleo esencial da competencia exclusiva en materia de seguridade pública atribuída ao Estado polo artigo 149.1.29.^a da Constitución, e na misión que, segundo o artigo 104 do propio texto fundamental, incumbe ás Forzas e Corpos de Seguridade, baixo a dependencia do Goberno, de protexer o libre exercicio dos dereitos e liberdades e garantir a seguridade cidadá.

A partir de aí, establécese un conxunto de controis e intervencións administrativas que condicionan o exercicio das actividades de seguridade polos particulares. Isto

significa que as Forzas e Corpos de Seguridade deben estar permanentemente presentes no desenvolvemento das actividades privadas de seguridade, coñecendo a información transcendente para a seguridade pública que nelas se xera e actuando con protagonismo indiscutible, sempre que tales actividades detecten o acaecemento de feitos delituosos ou que poidan afectar a seguridade cidadá.

A defensa da seguridade e o lexítimo dereito a usala non poden ser ocasión de agresión ou descoñecemento de dereitos ou invasión das esferas xurídicas e patrimoniais doutras persoas. E esta é unha das razóns que xustifican a intensa intervención na organización e desenvolvemento das actividades das entidades privadas de seguridade e do seu persoal, por parte da Forzas e Corpos de Seguridade, que teñen a misión constitucional de protexer os dereitos fundamentais de todos os cidadáns e garantir a súa seguridade.

Desde outra perspectiva, pero igualmente integrada no obxecto de regulación desta lei, é necesario dar o paso de recoñecer a especificidade dos servizos de investigación privada o papel que alcanzaron na nosa sociedade nos últimos anos. Sendo diferentes dos demais servizos de seguridade privada, a súa acollida nesta norma, dentro do conxunto de actividades de seguridade privada, reflicte a configuración daqueles como un elemento máis que contribúe a garantir a seguridade dos cidadáns, entendida nun sentido amplo.

II

A Lei 23/1992, do 30 de xullo, de seguridade privada, que agora se derroga, ordenou un sector ata entón regulado por unha normativa dispersa, de rango inferior e de orientación preconstitucional nalgúns casos, que recollía unha realidade aínda incipiente, e á cal o dito marco legal permitiu desenvolverse de forma harmónica ata alcanzar a importancia e transcendencia que agora ten, e que soubo concitar a xeneralizada aceptación da sociedade española.

Certamente, a Lei 23/1992, do 30 de xullo, así como a súa normativa de desenvolvemento, supuxo un grande avance para a evolución da seguridade privada en España, e incluso constituíu un modelo para procesos normativos análogos noutros Estados da Unión Europea. Porén, resulta imprescindible crear unha nova normativa legal que dea solución aos problemas detectados e permita seguir evolucionando a un sector da industria de servizos española que tanto contribuíu á seguridade.

En efecto, a regulación do ano 1992 resulta hoxe claramente insuficiente, o que se percibe nas súas profundas lagoas e carencias, paliadas parcialmente no posterior regulamento de desenvolvemento, aprobado polo Real decreto 2364/1994, do 9 de decembro, e incluso por normas de rango inferior ou simples resolucións. En moitas ocasións foron este tipo de normas as que permitiron que a Lei 23/1992, do 30 de xullo, puidese manter a súa vixencia ata o momento actual.

Ademais, a pertenza do noso país á Unión Europea obrigou a que a norma fundamental que regula en España a seguridade privada, a Lei 23/1992, do 30 de xullo, tivese que ser modificada polos reais decretos lei 2/1999, do 29 de xaneiro, e 8/2007, do 14 de setembro, así como pola Lei 25/2009, do 22 de decembro, de modificación de diversas leis para a súa adaptación á Lei sobre libre acceso ás actividades de servizos e o seu exercicio, coa finalidade de se adaptar cada vez a un contorno máis aberto e globalizado, fenómeno que a citada lei, loxicamente, considerou de maneira moi colateral.

Outros dos factores determinantes da necesidade de substituír a vixente lei cabeceira deste sector do ordenamento xurídico son os importantísimos cambios tecnolóxicos, que condicionan a prestación de servizos de seguridade, e a tendencia á integración das distintas seguridades nun concepto de seguridade integral, cuestión que cómpre ter en conta tanto no ámbito das actividades como no das funcións e servizos que presta o persoal de seguridade privada, aspectos estes que a Lei 23/1992, do 30 de xullo, non podía recoller.

Pasados vinte anos desde a súa promulgación, ante un sector maduro e completamente profesionalizado, con presenza en todos os lugares e niveis da vida do

país e dos seus cidadáns, e ante unha realidade completamente diferente á do ano 1992, é necesario aprobar unha nova norma que permita solucionar os problemas de funcionamento detectados durante estas dúas décadas pasadas.

Este fenómeno de insuficiencia de regulación dáse aínda máis, se cabe, coas actividades de investigación privada e os detectives privados, cuxa inserción tanxencial na Lei 23/1992, do 30 de xullo, agravou o problema exposto. En efecto, son moi escasas as prevencións sobre esas actividades e persoal non só en sede legal, senón tamén regulamentaria, polo cal esta lei afronta de maneira decidida e completa, no que lle corresponde, a definición do seu contido, perfís, limitacións e características daqueles que, convenientemente formados e habilitados, a desenvolven. Desta maneira a regulación das actividades e o persoal de investigación privada pasa a constituir un dos elementos fundamentais da nova lei, abandonando a presenza colateral que ten na vixente normativa.

III

Ao contrario da anterior regulación, a nova lei representa un tratamento total e sistemático da seguridade privada no seu conxunto que pretende abranguer toda a realidade do sector existente en España, ao tempo que o prepara para o futuro.

En consecuencia, é preciso transitar desde a concepción de control e sanción, que inspira o preámbulo e o articulado da Lei 23/1992, do 30 de xullo, e que tivo a súa razón de ser naquel momento, ata unha norma que permita aproveitar as enormes potencialidades que presenta a seguridade privada desde a perspectiva do interese público.

Por iso, a nova regulación recolle, entre outros obxectivos, a mellora da eficacia na prestación dos servizos de seguridade privada no relativo a organización e planificación, formación e motivación do persoal de seguridade; a eliminación das situacións que dan lugar á intrusión tanto das empresas como do persoal; a dotación ao persoal de seguridade privada do apoio xurídico necesario para o exercicio das súas funcións legais, e os elementos de colaboración entre a seguridade privada e a seguridade pública.

A lei pasa de pór o acento no principio da subordinación a desenvolver máis eficazmente o principio de complementariedade a través doutros que o desenvolven, como os de cooperación ou de corresponsabilidade, mediante unha técnica lexislativa máis flexible que permite unha adaptación permanente aos cambios que experimenta a sociedade sen que sexa precisa unha reforma de rango legal.

Na relación especial que mantén a seguridade privada coas Forzas e Corpos de Seguridade, auténticos garantes do sistema de liberdades e dereitos que constitucionalmente protexen, cómpre avanzar en fórmulas xurídicas que recoñezan o papel auxiliar e especialmente colaborador desempeñado pola seguridade privada, de forma que, ademais de integrar funcionalmente as súas capacidades no sistema público de seguridade, a faga partícipe da información que resulte necesaria para o mellor cumprimento dos seus deberes.

Abórdase así unha reforma en profundidade da regulación legal ata o de agora vixente, que pivota sobre dous eixos. En primeiro lugar, sobre a base irrenunciable da preeminencia da seguridade pública sobre a seguridade privada, realízase unha adecuación da normativa que permita a súa adaptación e dea resposta á necesidade real de seguridade en cada momento, de maneira que se aproveiten todas as súas potencialidades. En segundo lugar, os poderes de intervención e control público sobre a seguridade privada focalízanse nos aspectos verdadeiramente esenciais para a seguridade pública, deixando sen regular os aspectos accesorios que non teñen unha directa relación co servizo de seguridade, ao tempo que se moderniza a súa xestión e se potencia a súa colaboración coa seguridade pública.

En resumo, pódese dicir que o conxunto dos cambios propostos na nova lei, ademais de mellorar e resolver problemas técnicos, de xestión e operativos, afonda decididamente no actual modelo español de seguridade privada (complementaria, subordinada, colaboradora e controlada pola seguridade pública), apostando polo seu papel preventivo

en beneficio da seguridade xeral, e faino aproveitando e integrando funcionalmente todo o seu potencial informativo, de recursos humanos e de medios materiais, ao servizo da protección e seguridade do conxunto da cidadanía, de forma compatible co lexítimo interese que perseguen as entidades privadas de seguridade.

Este mesmo enfoque inspira os preceptos que se dedican á investigación privada. neste punto, o lexislador, como nas restantes actividades recollidas na lei, ten que facer compatible ese enfoque positivo cunha serie de prevencións indispensables para garantir os dereitos dos cidadáns, especialmente os do artigo 18 da Constitución.

IV

Uno dos aspectos onde máis se puxo de manifesto o cambio habido desde a aprobación da Lei 23/1992, do 30 de xullo, é na participación das comunidades autónomas na materia. O que daquela era algo residual transformouse nun fenómeno de maior calado, pois ás comunidades autónomas con competencia estatutariamente asumida para a protección de persoas e bens e o mantemento da orde pública vanse unindo outras comunidades autónomas cuxos novos estatutos de autonomía recoñecen a súa competencia sobre a seguridade privada, aínda que, en ambos os casos, con suxeición ao que o Estado regule de acordo co artigo 149.1.29.^a da Constitución.

Así, a nova lei quere recoñecer este cambio de situación e considerar o fenómeno dunha maneira global, non tanxencial, como ata o momento, reflectindo os diferentes niveis competenciales en función das previsións estatutarias.

Para que a actuación das distintas administracións públicas sexa coherente co mantemento da harmonía do sistema, é fundamental incidir nos principios de coordinación e cooperación interadministrativa.

Co obxecto de evitar interferencias e duplicidades prevense mecanismos de coordinación institucional, clarifícase a repartición de competencias estatais e autonómicas, afiánzase a competencia exclusiva do Estado en materia normativa e sitúanse na órbita executiva as competencias das comunidades autónomas.

V

Pásase dun tratamento normativo parcial a unha lei xeneralista, reguladora da totalidade de materias que configuran o sector da seguridade privada, dotada de sistematicidade normativa ao longo dos seus sete títulos, cunha desagregación de materias que abranguen desde o máis xeral ata o máis específico.

Así, no título preliminar aproveitouse para dar definición legal a conceptos ou termos que ata o de agora permanecían xuridicamente imprecisos ou indeterminados, tales como o propio de seguridade privada, ou os de actividades de seguridade, servizos de seguridade, funcións de seguridade, medidas de seguridade, despachos de detectives privados ou outros de significada importancia, o que sen ningunha dúbida vai ter unha directa repercusión favorable na mellora da seguridade xurídica.

Nesta liña, por primeira vez fíxase o ámbito material e a finalidade a que serve a propia seguridade privada, que non pode ser outra que contribuír, coa súa acción profesional, a completar a seguridade pública de que forma parte.

Outras importantes novidades que a nova lei incorpora no seu título preliminar son as referidas á actualización do ámbito das actividades de seguridade privada; regúlanse as chamadas actividades compatibles, consistentes en todas aquelas materias que rodean ou teñen incidencia directa co mundo da seguridade e, por outra parte, complétanse e perfílanse mellor as actividades de seguridade privada, como é o caso da investigación privada, que se inclúe con normalidade no catálogo de actividades de seguridade.

Ademais, recoñéceselles aos operadores de seguridade a condición de persoal acreditado como resposta ao grande avance tecnolóxico e profunda transformación que experimentou a actividade de verificación de alarmas.

A seguridade da información e as comunicacións aparece por primeira vez configurada non como actividade específica de seguridade privada, senón como actividade compatible

que poderá ser desenvolvida tanto por empresas de seguridade como polas que non o sexan, e que, pola súa incidencia directa na seguridade das entidades públicas e privadas, levará implícito o sometemento a certas obrigacións por parte de provedores e usuarios.

Igualmente, na liña de reducir restricións á libre competencia, liberalízase a actividade de planificación, consultoría e asesoramento en materia de seguridade privada, que pasa a considerarse como unha actividade compatible non reservada ás empresas de seguridade privada, xa que a súa afección a esta última, e mediatamente á seguridade pública, non é directa.

Tamén se aproveitou para realizar unha necesaria matización do principio xeral de exclusión da seguridade privada dos espazos públicos, cuxa formulación actual, excesivamente rixida, dificultou ou impediu a necesaria autorización de servizos en beneficio do cidadán, que resulta hoxe obsoleta.

No título I plásmase unha das ideas clave que inspiraron a redacción da lei, como é a coordinación e a colaboración entre os servizos de seguridade privada e as Forzas e Corpos de Seguridade, co único obxectivo de mellorar a seguridade pública mediante o intercambio de información, sempre con todas as garantías legais, e a aposta decidida por uns órganos de encontro que deben ser moito máis proactivos que ata o momento.

No título II dáse rango legal a algúns preceptos dedicados á regulación de empresas de seguridade e despachos de detectives, ou aos rexistros de ambos, que se unifican no novo Rexistro Nacional de Seguridade Privada.

Ademais, régúlase un sistema flexible que permitirá, cando sexa necesario por razón das instalacións vixiadas, aumentar os requisitos das empresas, ou reducilos por razón da actividade desempeñada.

En liña co favorecemento da actividade económica, a lei substitúe o sistema máis gravoso da autorización administrativa polo da declaración responsable para os centros de formación de persoal de seguridade privada, os despachos de detectives privados e as empresas de instalación e mantemento.

No título III régúlanse cuestións anteriormente deixadas ao regulamento, onde non estaban incluídas correctamente, tales como as relativas ás funcións de gran parte do persoal de seguridade, xa que a Lei 23/1992, do 30 de xullo, tan só se ocupaba das funcións dos vixilantes de seguridade e dos detectives privados.

A lei modifica o nome dos gardas particulares do campo, para configuralos, máis adecuadamente, como gardas rurais.

Por outra parte, resólvese o problema do requisito da nacionalidade española ou dun Estado da Unión Europea ou dun Estado parte no Acordo sobre o Espazo Económico Europeo para poder acceder ás profesións de seguridade, que agora se amplía aos nacionais de terceiros Estados que teñan subscrito con España un convenio internacional en que se recolla tal posibilidade aos nacionais de ambos os Estados.

Outra das novidades que se incorpora en materia de persoal, longamente demandada polo sector, é a protección xurídica análoga á dos axentes da autoridade do persoal de seguridade privada fronte ás agresións ou desobediencias de que poden ser obxecto cando desempeñan, debidamente identificados, as actividades de seguridade privada en cooperación e baixo o mando das Forzas e Corpos de Seguridade.

Ademais de eliminar o inadecuado e distorsionador período de inactividade, que tantas dificultades e problemas supuxo para a normal reincorporación ao sector do persoal de seguridade privada, na formación do persoal, xunto ao actual sistema de acceso á profesión a través exclusivamente do Ministerio do Interior, dáse cabida a outras posibilidades de acceso mediante o sistema que determine o Goberno, por proposta do Ministerio de Educación, Cultura e Deporte, ao se considerar a posibilidade dunha formación profesional regrada ou de grao universitario para o acceso ás diferentes profesións de seguridade privada, ou dos correspondentes certificados de profesionalidade do Ministerio de Emprego e Seguridade Social.

No título IV régúlanse por primeira vez nunha norma de rango legal e de forma harmónica as medidas de seguridade, así como a especificación da forma de prestación

dos principais servizos de seguridade (vixilancia e protección, protección persoal, depósitos e transportes de seguridade, e investigación privada), e dótanse de concreción outros importantes servizos para os cales a Lei 23/1992, do 30 de xullo, e o seu regulamento de desenvolvemento non conteñen máis que referencias illadas (verificación e resposta ante alarmas, instalación e mantemento de sistemas), ou non conteñen ningunha regulación, como sucede coa videovixilancia no ámbito da seguridade privada, en cumprimento do mandato contido na Lei orgánica 4/1997, do 4 de agosto, de utilización de videocámaras polas Forzas e Corpos de Seguridade en lugares públicos.

Neste título resulta especialmente relevante a regulación dos servizos de videovixilancia e de investigación privada, xa que se trata de servizos que potencialmente poden incidir de forma directa na esfera da intimidade dos cidadáns. No segundo caso, co ánimo de compaxinar os diversos intereses en xogo, abórdanse cuestións tan delicadas como a lexitimidade da encarga, o contido do informe de investigación ou o deber de reserva profesional.

No título V recóllense, tamén por vez primeira en sede legal, as actuacións de control e inspección sobre as entidades, o persoal e as medidas de seguridade, así como a obrigaón de colaboración por parte dos afectados. Especialmente relevante é a incorporación dun precepto que regula as medidas provisionais que poden adoptar os funcionarios policiais cando, no marco dunha inspección, o consideren absolutamente necesario, e que quedan en todo caso suxeitas a ratificación pola autoridade competente. Igualmente, límtase, por razón da intimidade dos datos, o acceso ao contido dos informes de investigación privada nas inspeccións policiais á mera constatación da súa existencia, salvo que medien investigacións policiais ou xudiciais ou procedementos sancionadores.

No título VI dáse solución a algunhas das principais carencias da anterior lexislación referidas ao réxime sancionador. Así, recóllense coa debida separación as infraccións que poden ser cometidas polas entidades, polo persoal ou polos usuarios de seguridade privada, incluíndo, xunto a estes últimos, os centros de formación na materia.

Faise especial fincapé na regulación de todas aquelas condutas infractoras que teñan por obxecto evitar a intrusión, xa sexa realizada por empresas de seguridade, por persoal non habilitado, por empresas de servizos que desenvolven actividades materialmente de seguridade privada ou polos propios usuarios.

A este respecto, é importante destacar o esforzo que se fixo en canto á graduación das infraccións e aos criterios para determinar a imposición das correspondentes sancións, co obxectivo básico de garantir a maior individualización daquelas.

Por último, na parte final, o texto recolle aquelas disposicións necesarias para garantir unha transición correcta desde a Lei 23/1992, do 30 de xullo, á nova lexislación, sobre todo ata que esta sexa obxecto do correspondente desenvolvemento regulamentario.

TÍTULO PRELIMINAR

Disposicións xerais

CAPÍTULO I

Disposicións comúns

Artigo 1. *Obxecto.*

1. Esta lei ten por obxecto regular a realización e a prestación por persoas privadas, físicas ou xurídicas, de actividades e servizos de seguridade privada que, desenvolvidos por estes, son contratados, voluntaria ou obrigatoriamente, por persoas físicas ou xurídicas, públicas ou privadas, para a protección de persoas e bens. Igualmente regula as investigacións privadas que se efectúen sobre aquelas ou estes. Todas estas actividades teñen a consideración de complementarias e subordinadas respecto da seguridade pública.

2. Así mesmo, esta lei, en beneficio da seguridade pública, establece o marco para a máis eficiente coordinación dos servizos de seguridade privada cos das Forzas e Corpos de Seguridade, dos cales son complementarios.

Artigo 2. *Definicións.*

Para os efectos desta lei enténdese por:

1. Seguridade privada: o conxunto de actividades, servizos, funcións e medidas de seguridade adoptadas, de forma voluntaria ou obrigatoria, por persoas físicas ou xurídicas, públicas ou privadas, realizados ou prestados por empresas de seguridade, despachos de detectives privados e persoal de seguridade privada para facer fronte a actos deliberados ou riscos accidentais, ou para realizar indagacións sobre persoas e bens, coa finalidade de garantir a seguridade das persoas, protexer o seu patrimonio e velar polo normal desenvolvemento das súas actividades.

2. Actividades de seguridade privada: os ámbitos de actuación material en que os prestadores de servizos de seguridade privada levan a cabo a súa acción empresarial e profesional.

3. Servizos de seguridade privada: as accións levadas a cabo polos prestadores de servizos de seguridade privada para materializar as actividades de seguridade privada.

4. Funcións de seguridade privada: as facultades atribuídas ao persoal de seguridade privada.

5. Medidas de seguridade privada: as disposicións adoptadas para o cumprimento dos fins de prevención ou protección pretendidos.

6. Prestadores de servizos de seguridade privada: as empresas de seguridade privada, os despachos de detectives e o persoal habilitado para o exercicio de funcións de seguridade privada.

7. Empresa de seguridade privada: as persoas físicas ou xurídicas, privadas, autorizadas ou sometidas ao réxime de declaración responsable, para prestar servizos de seguridade privada.

8. Persoal de seguridade privada: as persoas físicas que, coa correspondente habilitación, desenvolven funcións de seguridade privada.

9. Persoal acreditado: profesores de centros de formación, enxeñeiros e técnicos que desempeñen as tarefas que lles asignan esta lei e operadores de seguridade.

10. Usuario de seguridade privada: as persoas físicas ou xurídicas que, de forma voluntaria ou obrigatoria, contratan servizos ou adoptan medidas de seguridade privada.

11. Despachos de detectives privados: as oficinas constituídas por un ou máis detectives privados que prestan servizos de investigación privada.

12. Centros de formación de aspirantes ou de persoal de seguridade privada: establecementos sometidos ao réxime de declaración responsable para impartir nos seus locais formación ao persoal de seguridade privada.

13. Elemento, produto ou servizo homologado: aquel que reúne as especificacións técnicas ou criterios que recolle unha norma técnica para o efecto.

14. Elemento, produto ou servizo acreditado, certificado ou verificado: aquel que o foi por unha entidade independente, constituída para tal fin e recoñecida por calquera Estado membro da Unión Europea.

Artigo 3. *Ámbito de aplicación.*

1. As disposicións desta lei son de aplicación ás empresas de seguridade privada, ao persoal de seguridade privada, aos despachos de detectives, aos servizos de seguridade privada, ás medidas de seguridade e aos contratos celebrados neste ámbito.

2. Igualmente, na medida que resulte pertinente en cada caso, aplicaranse aos establecementos obrigados a dispor de medidas de seguridade, aos usuarios dos servizos de seguridade privada, aos enxeñeiros e técnicos das empresas de seguridade, aos operadores de seguridade, aos profesores de centros de formación, ás empresas

prestadoras de servizos de seguridade informática, ás centrais receptoras de alarmas de uso propio e aos centros de formación de persoal de seguridade privada.

3. O réxime sancionador e as medidas provisionais, así como o exercicio das facultades de inspección, serán tamén aplicables a aquelas empresas e persoal que presten servizos ou exerzan funcións de seguridade privada sen estar autorizadas ou ter presentado declaración responsable, ou sen estaren habilitados ou acreditados para o seu exercicio legal.

Artigo 4. *Fins.*

A seguridade privada ten como fins:

a) Satisfacer as necesidades lexítimas de seguridade ou de información dos usuarios de seguridade privada, velando pola indemnidade ou privacidade das persoas ou bens cuxa seguridade ou investigación se lles encomende fronte a posibles vulneracións de dereitos, ameazas deliberadas e riscos accidentais ou derivados da natureza.

b) Contribuír a garantir a seguridade pública, a previr infraccións e a proporcionar información aos procedementos relacionados coas súas actuacións e investigacións.

c) Complementar o monopolio da seguridade que corresponde ao Estado, integrando funcionalmente os seus medios e capacidades como un recurso externo da seguridade pública.

Artigo 5. *Actividades de seguridade privada.*

1. Constitúen actividades de seguridade privada as seguintes:

a) A vixilancia e protección de bens, establecementos, lugares e eventos, tanto públicos coma privados, así como das persoas que se poidan atopar neles.

b) O acompañamento, a defensa e a protección de persoas físicas determinadas, incluídas as que teñan a condición legal de autoridade.

c) O depósito, a custodia, a contaxe e a clasificación de moedas e billetes, títulos-valores, xoias, metais preciosos, antigüidades, obras de arte ou outros obxectos que, polo seu valor económico, histórico ou cultural e polas expectativas que xeren, poidan requirir vixilancia e protección especial.

d) O depósito e a custodia de explosivos, armas, cartucharía metálica, substancias, materias, mercadorías e calquera obxecto que pola súa perigosidade precise de vixilancia e protección especial.

e) O transporte e a distribución dos obxectos a que se refiren as dúas letras anteriores.

f) A instalación e o mantemento de aparellos, equipamentos, dispositivos e sistemas de seguridade conectados a centrais receptoras de alarmas ou a centros de control ou de videovixilancia.

g) A explotación de centrais para a conexión, recepción, verificación e, de ser o caso, resposta e transmisión dos sinais de alarma, así como a monitorización de calquera sinal de dispositivos auxiliares para a seguridade de persoas, de bens mobles ou inmobles ou de cumprimento de medidas impostas, e a comunicación ás Forzas e Corpos de Seguridade competentes nestes casos.

h) A investigación privada en relación con persoas, feitos ou delitos só perseguibles por instancia de parte.

2. Os servizos sobre as actividades relacionadas nas letras a) a g) do número anterior unicamente os poderán prestar empresas de seguridade privada, sen prexuízo das competencias das Forzas e Corpos de Seguridade. Os despachos de detectives poderán prestar, con carácter exclusivo e excluínte, servizos sobre a actividade a que se refire a letra h) do número anterior.

3. As entidades públicas ou privadas poderán constituír, logo de autorización do Ministerio do Interior ou do órgano autonómico competente, centrais receptoras de alarmas de uso propio para a conexión, recepción, verificación e, de ser o caso, resposta e transmisión dos sinais de alarma que reciban dos sistemas de seguridade instalados en bens inmobles ou mobles da súa titularidade, sen que poidan dar a través delas ningún tipo de servizo de seguridade a terceiros.

Artigo 6. *Actividades compatibles.*

1. Quedan fóra do ámbito de aplicación desta lei, sen prexuízo da normativa específica que poida resultar de aplicación, especialmente no que se refire á homologación de produtos, as seguintes actividades:

a) A fabricación, comercialización, venda, entrega, instalación ou mantemento de elementos ou produtos de seguridade e de cerraría de seguridade.

b) A fabricación, comercialización, venda ou entrega de equipamentos técnicos de seguridade electrónica, así como a instalación ou mantemento deses equipamentos sempre que non estean conectados a centrais de alarma ou centros de control ou de videovixilancia.

c) A conexión a centrais receptoras de alarmas de sistemas de prevención ou protección contra incendios ou de alarmas de tipo técnico ou asistencial, ou de sistemas ou servizos de control ou mantemento.

d) A planificación, a consultoría e o asesoramento en materia de actividades de seguridade privada, que consistirá na elaboración de estudos e informes de seguridade, análise de riscos e plans de seguridade referidos á protección fronte a todo tipo de riscos, así como en auditorías sobre a prestación dos servizos de seguridade.

Estas actividades poderanas desenvolver as empresas de seguridade privada.

2. Quedan tamén fóra do ámbito de aplicación desta lei, a non ser que impliquen a acción ou realización de servizos ou funcións de seguridade privada, e rexeranse polas normas sectoriais que lles sexan de aplicación en cada caso, os seguintes servizos e funcións:

a) Os de información ou de control nos accesos a instalacións, que comprenden o coidado e a custodia das chaves, a apertura e peche de portas, a axuda no acceso de persoas ou vehículos, o cumprimento da normativa interna dos locais onde presten tal servizo, así como a execución de tarefas auxiliares ou subordinadas de axuda ou socorro, todas elas realizadas nas portas ou no interior de inmobles, locais públicos, aparcadoiros, garaxes, autoestradas, incluíndo as súas zonas de peaxes, áreas de servizo, mantemento e descanso, por porteiros, conserxes e demais persoal auxiliar análogo.

b) As tarefas de recepción, comprobación de visitantes e orientación destes, así como as de comprobación de entradas, documentos ou carnés, en calquera clase de edificios ou inmobles, e de cumprimento da normativa interna dos locais onde presten tal servizo.

c) O control de tránsito en zonas reservadas ou de circulación restrinxida no interior de instalacións en cumprimento da súa normativa interna.

d) Os de comprobación e control do estado e funcionamento de caldeiras, bens e instalacións en xeral, en calquera clase de inmobles, para garantir a súa conservación e funcionamento.

Estes servizos e funcións poderanos prestar ou realizar empresas e persoal de seguridade privada, sempre con carácter complementario ou accesorio das funcións de seguridade privada que se realicen e sen que en ningún caso constitúan o obxecto principal do servizo que se preste.

3. O persoal non habilitado que preste os servizos ou funcións comprendidos no número anterior en ningún caso poderá exercer ningunha función das reservadas ao persoal de seguridade privada, nin portar nin usar armas nin medios de defensa, nin

utilizar distintivos, uniformes ou medios que se poidan confundir cos previstos para ese persoal.

4. Os prestadores de servizos de seguridade privada que vendan, entreguen, instalen ou manteñan equipamentos técnicos de seguridade, non conectados a centrais receptoras de alarmas ou a centros de control ou de videovixilancia quedan fóra do ámbito de aplicación da lexislación de seguridade privada.

5. As empresas de seguridade privada que se dediquen á instalación ou mantemento de aparellos, dispositivos e sistemas de seguridade que non inclúan a conexión a centrais receptoras de alarmas ou a centros de control ou de videovixilancia só están sometidas á normativa de seguridade privada no que se refire ás actividades e servizos de seguridade privada para as cales se encontrasen autorizadas.

6. Ás empresas, sexan ou non de seguridade privada, que se dediquen ás actividades de seguridade informática, entendida como o conxunto de medidas encamiñadas a protexer os sistemas de información co fin de garantir a confidencialidade, dispoñibilidade e integridade dela ou do servizo que aqueles prestan, pola súa incidencia directa na seguridade das entidades públicas e privadas, poderánselles impor regulamentariamente requisitos específicos para garantir a calidade dos servizos que presten.

Artigo 7. *Actividades excluídas.*

1. Non están suxeitas a esta lei as actuacións de autoprotección, entendidas como o conxunto de cautelas ou dilixencias que se poidan adoptar ou que executen por si e para si mesmos de forma directa os interesados, estritamente dirixidas á protección do seu contorno persoal ou patrimonial, e cuxa práctica ou aplicación non implique ningunha contraprestación nin supoña algún tipo de servizo de seguridade privada prestado a terceiros.

Cando os interesados teñan o carácter de empresas ou entidades de calquera tipo, en ningún caso utilizarán os seus empregados para o desenvolvemento das funcións previstas na presente lei, reservadas ás empresas e ao persoal de seguridade privada.

2. Queda fóra do ámbito de aplicación desta lei a obtención por un mesmo de información ou datos, así como a contratación de servizos de recepción, recompilación, análise, comunicación ou fornecemento de información libre existente en fontes ou rexistros de acceso público.

Artigo 8. *Principios reitores.*

1. Os servizos e as funcións de seguridade privada prestaranse con respecto á Constitución, ao disposto nesta lei, especialmente no referente aos principios de actuación establecidos no artigo 30, e ao resto do ordenamento xurídico.

2. Os prestadores de servizos de seguridade privada colaborarán, en todo momento e lugar, coas Forzas e Corpos de Seguridade, con suxeición ao que estas poidan dispor en relación coa execución material das súas actividades.

3. De conformidade co disposto na lexislación de forzas e corpos de seguridade, as empresas de seguridade, os despachos de detectives e o persoal de seguridade privada terán especial obrigaçión de auxiliar e colaborar, en todo momento, con aquelas no exercicio das súas funcións, de lles prestar a súa colaboración e de seguir as súas instrucións, en relación cos servizos que presten que afecten a seguridade pública ou o ámbito das súas competencias.

4. As empresas, os despachos e o persoal de seguridade privada:

a) Non poderán intervir nin interferir, mentres estean exercendo os servizos e funcións que lles son propios, na celebración de reunións e manifestacións nin no desenvolvemento de conflitos políticos ou laborais.

b) Non poderán exercer ningún tipo de control sobre opinións políticas, sindicais ou relixiosas, ou sobre a expresión de tales opinións, nin proceder ao tratamento,

automatizado ou non, de datos relacionados coa ideoloxía, afiliación sindical, relixión ou crenzas.

c) Terán prohibido comunicar a terceiros, salvo ás autoridades xudiciais e policiais para o exercicio das súas respectivas funcións, calquera información que coñezan no desenvolvemento dos seus servizos e funcións sobre os seus clientes ou persoas relacionadas con estes, así como sobre os bens e efectos de cuxa seguridade ou investigación estean encargados.

5. O ministro do Interior ou, de ser o caso, o titular do órgano autonómico competente prohibirá a utilización nos servizos de seguridade privada de determinados medios materiais ou técnicos cando poidan causar danos ou perdas a terceiros ou pór en perigo a seguridade cidadá.

6. Cando o persoal de seguridade privada desempeñe as súas funcións en entidades públicas ou privadas en que se presten servizos que resulten ou sexan declarados esenciais pola autoridade pública competente, ou nos cales o servizo de seguridade se impuxese obrigatoriamente, deberán observar, no exercicio do dereito de folga, o que respecto desas entidades dispoña a lexislación vixente.

Artigo 9. *Contratación e comunicación de servizos.*

1. Non se poderá prestar ningún tipo de servizo de seguridade privada que non fose previamente contratado e, de ser o caso, autorizado.

2. De acordo co que regulamentariamente se determine, os contratos de prestación dos distintos servizos de seguridade privada deberán, en todo caso, formalizarse por escrito e comunicarse a súa celebración ao Ministerio do Interior ou, de ser o caso, ao órgano autonómico competente con antelación á súa iniciación.

3. A comunicación de contratos de servizos de investigación privada conterà exclusivamente os datos necesarios para identificar as partes contratantes, excluídos os de carácter persoal.

Artigo 10. *Prohibicións.*

1. Con carácter xeral e ademais doutras prohibicións contidas nesta lei, establécense as seguintes:

a) A prestación ou publicidade de servizos de seguridade privada por parte de persoas, físicas ou xurídicas, carentes da correspondente autorización ou sen ter presentado declaración responsable.

b) O exercicio de funcións de seguridade privada por parte de persoas físicas carentes da correspondente habilitación ou acreditación profesional.

c) A prestación de servizos de seguridade privada incumprindo os requisitos ou condicións legais da súa prestación.

d) O emprego ou a utilización, en servizos de seguridade privada, de medios ou medidas de seguridade non homologadas cando sexa preceptivo, ou de medidas ou medios persoais, materiais ou técnicos de forma tal que atenten contra o dereito ao honor, á intimidade persoal ou familiar ou á propia imaxe ou ao segredo das comunicacións, ou cando incumpran as condicións ou requisitos establecidos nesta lei e na súa normativa de desenvolvemento.

2. Os despachos de detectives e os detectives privados non poderán celebrar contratos que teñan por obxecto a investigación de delitos perseguibles de oficio nin, en xeral, investigar delitos desta natureza, e deberán denunciar inmediatamente ante a autoridade competente calquera feito desta natureza que chegue ao seu coñecemento e pór á súa disposición toda a información e os instrumentos que puidesen ter obtido ata ese momento, relacionados con eses delitos.

3. As empresas de seguridade non poderán realizar os servizos de investigación privada propios dos despachos de detectives privados e estes non poderán prestar servizos propios das empresas de seguridade privada.

Artigo 11. *Rexistro Nacional de Seguridade Privada e rexistros autonómicos.*

1. Serán obxecto de inscrición de oficio no Rexistro Nacional de Seguridade Privada do Ministerio do Interior, unha vez concedidas as pertinentes autorizacións ou, de ser o caso, presentadas as declaracións responsables, ou obtidas as preceptivas habilitacións ou acreditacións, o persoal de seguridade privada, as empresas de seguridade privada e os despachos de detectives privados, así como delegacións e sucursais, os centros de formación do persoal de seguridade privada e as centrais receptoras de alarma de uso propio, cando non sexan obxecto de inscrición nos rexistros das comunidades autónomas.

Igualmente, inscribíranse no Rexistro Nacional de Seguridade Privada as sancións impostas en materia de seguridade privada, as comunicacións dos contratos e as súas modificacións e cantos datos sexan necesarios para as actuacións de control e xestión da seguridade privada, cando tales sancións, comunicacións e datos se refiran a servizos de seguridade privada que se presten nun ámbito territorial distinto ao dunha comunidade autónoma con competencia en materia de seguridade privada.

2. Nos rexistros das comunidades autónomas, unha vez concedidas as pertinentes autorizacións ou, de ser o caso, presentadas as declaracións responsables, ou obtidas as preceptivas habilitacións, inscribíranse de oficio as empresas de seguridade privada e os despachos de detectives privados, así como delegacións e sucursais, os centros de formación do persoal de seguridade privada e as centrais receptoras de alarma de uso propio, que teñan o seu domicilio na comunidade autónoma e cuxo ámbito de actuación estea limitado ao seu territorio.

Igualmente, inscribíranse en tales rexistros as sancións impostas en materia de seguridade privada, as comunicacións dos contratos e as súas modificacións e cantos datos sexan necesarios para as actuacións de control e xestión da seguridade privada, cando tales sancións, comunicacións e datos se refiran a servizos de seguridade privada que se presten no ámbito territorial propio dunha comunidade autónoma con competencia en materia de seguridade privada.

3. No referido rexistro nacional, ademais da información correspondente ás empresas de seguridade privada que nel se inscriban, incorporárase a relativa ás empresas de seguridade privada inscritas nos rexistros das comunidades autónomas con competencia na materia.

Para tales efectos, os órganos competentes das mencionadas comunidades autónomas deberán comunicar ao Rexistro Nacional de Seguridade Privada os datos das inscricións e anotacións que efectúen sobre as empresas de seguridade privada que inscriban, así como as súas modificacións e cancelacións.

4. Nos mencionados rexistros, nacional e autonómicos, anotaranse tamén os datos das empresas que realicen actividades de seguridade informática, de acordo co que regulamentariamente se determine.

5. As autoridades responsables do Rexistro Nacional e dos rexistros autonómicos establecerán os mecanismos de colaboración e reciprocidade necesarios para permitir a súa interconexión e interoperabilidade, a determinación coordinada dos sistemas de numeración das empresas de seguridade privada e o acceso á información rexistral contida neles, para o exercicio das súas respectivas competencias.

6. Estes rexistros serán públicos exclusivamente en canto aos asentos referentes á denominación ou razón social, domicilio, número de identificación fiscal e actividades en relación coas cales estean autorizadas ou presentasen a declaración responsable as empresas de seguridade privada, despachos de detectives, centros de formación do persoal de seguridade privada e centrais de alarmas de uso propio.

7. Regulamentariamente estableceranse a organización e o funcionamento do Rexistro Nacional de Seguridade Privada.

CAPÍTULO II

Competencias da Administración xeral do Estado e das comunidades autónomas

Artigo 12. *Competencias da Administración xeral do Estado.*

1. Corresponde á Administración xeral do Estado, a través do Ministerio do Interior e, de ser o caso, das delegacións e subdelegacións do Goberno, o exercicio das seguintes facultades:

a) A autorización ou recepción da declaración responsable, inspección e sanción das empresas de seguridade privada e das súas delegacións cuxa competencia non fose asumida polas comunidades autónomas.

b) A recepción da declaración responsable para a apertura dos despachos de detectives privados e das súas sucursais, así como a súa inspección e sanción, cando o exercicio destas facultades non sexa competencia das comunidades autónomas.

c) A habilitación e inhabilitación do persoal de seguridade privada e a determinación do armamento, documentación, uniformidade, distintivos e medios de defensa do dito persoal, así como a acreditación, en todo caso, dos enxeñeiros e técnicos das empresas de seguridade e dos operadores de seguridade.

d) A aprobación, modificación e cancelación dos programas e cursos específicos de formación do persoal de seguridade privada que non sexan da competencia dos ministerios de Educación, Cultura e Deporte ou de Emprego e Seguridade Social.

e) A recepción da declaración responsable, inspección e sanción dos centros de formación do persoal de seguridade privada cuxa competencia non fose asumida polas comunidades autónomas, así como a acreditación, en todo caso, do seu profesorado.

f) A autorización, inspección e sanción dos servizos de protección persoal, cando non sexa competencia das comunidades autónomas, e daquelas actividades e servizos transfronteirizos de seguridade que poidan prestar as empresas e o persoal de seguridade privada.

g) A autorización dos servizos de seguridade privada e de centrais de alarma de uso propio que se presten nun ámbito territorial superior ao dunha comunidade autónoma con competencia en materia de seguridade privada, así como a inspección e sanción destes servizos naquela parte deles que se realice fóra do territorio das ditas comunidades autónomas.

h) A determinación regulamentaria das características técnicas e de homologación que resulten exixibles aos produtos, sistemas, dispositivos, equipamentos, medidas e servizos de seguridade privada.

i) A determinación regulamentaria dos establecementos obrigados a dispor de medidas de seguridade privada, así como a fixación do tipo e alcance das medidas obrigatorias que debe cumprir cada tipo de establecemento.

j) A autorización, inspección e sanción dos establecementos e instalacións industriais, comerciais e de servizos que estean obrigados a adoptar medidas de seguridade, cando o exercicio desas facultades non sexa competencia das comunidades autónomas.

k) A coordinación dos servizos de seguridade e investigación privadas cos das Forzas e Corpos de Seguridade do Estado.

2. No ámbito das competencias da Administración xeral do Estado e de conformidade co disposto na lexislación de Forzas e Corpos de Seguridade:

a) Corresponde á Dirección Xeral da Policía o control das empresas, entidades e servizos privados de seguridade, vixilancia e investigación, do seu persoal, medios e actuacións.

b) Corresponde á Dirección Xeral da Garda Civil o exercicio das súas competencias en materia de armas sobre as empresas e o persoal de seguridade privada, así como o control dos gardas rurais e as súas especialidades. Sen afectar as competencias que

corresponden á Dirección Xeral da Policía, poderá participar no control das actuacións operativas do persoal de seguridade privada que preste servizos no seu ámbito de competencias.

Artigo 13. *Competencias das comunidades autónomas.*

1. As comunidades autónomas que, conforme os seus estatutos de autonomía, teñan competencia para a protección de persoas e bens e para o mantemento da orde pública executarán a lexislación do Estado sobre as seguintes materias:

a) A autorización das empresas de seguridade privada e das súas delegacións, así como a recepción da declaración responsable para a apertura dos despachos de detectives privados e das súas sucursais, cando, en ambos os casos, teñan o seu domicilio na comunidade autónoma e o seu ámbito de actuación estea limitado ao seu territorio.

b) A autorización das actividades e servizos de seguridade privada que se realicen na comunidade autónoma cando requiran daquela ou de control previo.

c) A inspección e sanción das actividades e servizos de seguridade privada que se realicen na comunidade autónoma, así como daqueles que os presten ou utilicen e a inspección e sanción dos despachos de detectives privados e das súas sucursais que realicen a súa actividade na comunidade autónoma.

d) A recepción da declaración responsable, inspección e sanción dos centros de formación do persoal de seguridade privada que teñan a súa sede na comunidade autónoma.

e) A coordinación dos servizos de seguridade e investigación privadas prestados na comunidade autónoma cos da policía autonómica e as policía locais.

f) A autorización, inspección e sanción dos establecementos e instalacións industriais, comerciais e de servizos sitios na comunidade autónoma que estean obrigados a adoptar medidas de seguridade.

2. As comunidades autónomas que, en virtude dos seus estatutos de autonomía, asumisen competencia executiva en materia de seguridade privada cando así o estableza a lexislación do Estado, exercerana se dispoñen de corpo de policía propia ou establecen fórmulas de colaboración co corpo nacional de Policía previstas na lexislación de forzas e corpos de seguridade, sobre as seguintes materias:

a) A autorización, inspección e sanción das empresas de seguridade privada que teñan o seu domicilio na comunidade autónoma e cuxo ámbito de actuación estea limitado ao seu territorio.

b) A denuncia e posta en coñecemento das autoridades competentes das infraccións cometidas polas empresas de seguridade que non se encontren incluídas na letra anterior.

TÍTULO I

Coordinación

Artigo 14. *Colaboración profesional.*

1. A especial obriga de colaboración das empresas de seguridade, os despachos de detectives e o persoal de seguridade privada coas Forzas e Corpos de Seguridade desenvolverase con suxeición ao principio de legalidade e basearase exclusivamente na necesidade de asegurar o bo fin das actuacións tendentes a preservar a seguridade pública, garantíndose a debida reserva e confidencialidade cando sexa necesario.

2. As empresas de seguridade, os despachos de detectives e o persoal de seguridade privada deberán comunicar ás Forzas e Corpos de Seguridade competentes, tan pronto como sexa posible, calquera circunstancia ou información relevante para a prevención, o mantemento ou restablecemento da seguridade cidadá, así como todo feito

delituoso de que tivesen coñecemento no exercicio da súa actividade ou funcións, poñendo á súa disposición os presuntos delincuentes, así como os instrumentos, efectos e probas relacionadas con eles.

3. As Forzas e Corpos de Seguridade poderán facilitar ao persoal de seguridade privada, no exercicio das súas funcións, informacións que faciliten a súa avaliación de riscos e conseguinte implementación de medidas de protección. Se estas informacións conteñen datos de carácter persoal, só se poderán facilitar en caso de perigo real para a seguridade pública ou para evitar a comisión de infraccións penais.

Artigo 15. *Acceso á información polas Forzas e Corpos de Seguridade.*

1. Autorízanse as cesións de datos que se consideren necesarias para contribuír á salvagarda da seguridade cidadá, así como o acceso por parte das Forzas e Corpos de Seguridade aos sistemas instalados polas empresas de seguridade privada que permitan a comprobación das informacións en tempo real cando sexa necesario para a prevención dun perigo real para a seguridade pública ou para a represión de infraccións penais.

2. O tratamento de datos de carácter persoal, así como os ficheiros, automatizados ou non, creados para o cumprimento desta lei someteranse ao disposto na normativa de protección de datos de carácter persoal.

3. A comunicación de boa fe de información ás Forzas e Corpos de Seguridade polas entidades e o persoal de seguridade privada non constituirá vulneración das restricións sobre divulgación de información impostas por vía contractual ou por calquera disposición legal, regulamentaria ou administrativa, cando sexa necesario para a prevención dun perigo real para a seguridade pública ou para a represión de infraccións penais.

Artigo 16. *Coordinación e participación.*

1. O Ministerio do Interior ou, de ser o caso, o órgano autonómico competente adoptará as medidas organizativas que resulten adecuadas para asegurar a coordinación dos servizos de seguridade privada cos das Forzas e Corpos de Seguridade.

2. No ámbito das competencias da Administración xeral do Estado constituiranse comisións mixtas de seguridade privada, nacionais, autonómicas ou provinciais, co carácter de órganos consultivos e de colaboración entre as administracións públicas e os representantes do sector. A súa composición e funcións determinaranse regulamentariamente.

3. Nas comunidades autónomas que teñan asumidas as competencias en materia de seguridade privada de conformidade co establecido no artigo 13 tamén poderán existir órganos consultivos en materia de seguridade privada, coa composición e funcionamento que en cada caso se determine.

TÍTULO II

Empresas de seguridade privada e despachos de detectives privados

CAPÍTULO I

Empresas de seguridade privada

Artigo 17. *Desenvolvemento de actividades.*

1. As empresas de seguridade privada unicamente poderán prestar servizos sobre as actividades previstas no artigo 5.1, excepto a recollida na súa letra h).

2. Ademais destas actividades, as empresas de seguridade privada poderán realizar as actividades compatibles a que se refire o artigo 6 e dedicarse á formación, actualización e especialización do persoal de seguridade privada, pertencente ou non aos seus cadros

de persoal, caso en que deberán crear centros de formación, de conformidade co previsto no artigo 29.4 e co que regulamentariamente se determine.

3. As empresas de seguridade privada poderán revestir forma societaria ou de empresario individual e deberán cumprir, en ambos os casos, a totalidade de condicións e requisitos previstos neste capítulo para as empresas de seguridade privada.

Artigo 18. *Autorización administrativa.*

1. Para a prestación de servizos de seguridade privada, as empresas de seguridade privada deberán obter autorización administrativa e serán inscritas de oficio no rexistro correspondente, de acordo co procedemento que se determine regulamentariamente.

2. A autorización administrativa suplirase por unha declaración responsable cando pretendan dedicarse exclusivamente á actividade de seguridade privada prevista no artigo 5.1.f).

3. A validez da autorización ou da declaración responsable será indefinida.

Artigo 19. *Requisitos xerais.*

1. Para a autorización ou, de ser o caso, presentación de declaración responsable, a posterior inscrición no Rexistro Nacional de Seguridade Privada ou no correspondente rexistro autonómico e o desenvolvemento de servizos de seguridade privada, as empresas de seguridade privada deberán reunir os seguintes requisitos xerais:

a) Estar legalmente constituídas e inscritas no rexistro mercantil ou no rexistro público correspondente e ter por obxecto exclusivo todas ou algunha das actividades a que se refire o artigo 5.1, excepto a da letra h). Non obstante, nese obxecto poderán incluír as actividades que resulten imprescindibles para o cumprimento das actividades de seguridade autorizadas, así como as compatibles recollidas no artigo 6.

b) Ter a nacionalidade dun Estado membro da Unión Europea ou dun Estado parte no acordo sobre o Espazo Económico Europeo.

c) Contar cos medios humanos, de formación, financeiros, materiais e técnicos adecuados que, de acordo co principio de proporcionalidade, se determinen regulamentariamente, en función da natureza das actividades para as cales soliciten a autorización ou se presente a declaración responsable, e das características dos servizos que se prestan en relación con tales actividades. En particular, cando se presten servizos para os cales se precise o uso de armas, deberanse adoptar as medidas que garantan a súa adecuada custodia, utilización e funcionamento. Igualmente, os enxeñeiros e técnicos das empresas de seguridade privada e os operadores de seguridade, deberán dispor da correspondente acreditación expedida polo Ministerio do Interior, que se limitará a comprobar a honorabilidade do solicitante e a carencia de antecedentes penais, nos termos que regulamentariamente se establezan.

d) Dispor das medidas de seguridade que regulamentariamente se determinen.

e) Subscribir un contrato de seguro de responsabilidade civil ou constituír outras garantías financeiras na contía e coas condicións que se determinen regulamentariamente.

f) Constituír o aval ou seguro de caución que se determine regulamentariamente á disposición das autoridades españolas, para atender exclusivamente as responsabilidades administrativas por infraccións á normativa de seguridade privada que deriven do funcionamento da empresa.

g) Non ter sido condenadas mediante sentenza firme por delitos de insolvencia punible, contra a Facenda pública, contra a Seguridade Social, contra os dereitos dos traballadores, por intromisión ilexítima no ámbito de protección do dereito ao honor, á intimidade persoal e familiar ou á propia imaxe, vulneración do segredo das comunicacións ou doutros dereitos fundamentais, salvo que cancelasen os seus antecedentes penais. No caso das persoas xurídicas, este requisito será aplicable aos administradores de feito ou de dereito e representantes, que, vixente o seu cargo ou representación, non poderán

estar incursos na situación mencionada por actuacións realizadas en nome ou a beneficio de tales persoas xurídicas.

h) Non ter sido condenadas mediante sentenza firme por intromisión ilexítima no ámbito de protección do dereito ao honor, á intimidade persoal e familiar ou á propia imaxe, vulneración do segredo das comunicacións ou doutros dereitos fundamentais nos cinco anos anteriores á solicitude. No caso das persoas xurídicas, este requisito será aplicable aos administradores de feito ou de dereito e representantes que, vixente o seu cargo ou representación, non poderán estar incursos na situación mencionada por actuacións realizadas en nome ou a beneficio de tales persoas xurídicas.

2. Ademais do cumprimento dos requisitos xerais, ás empresas de seguridade privada que teñan por obxecto algunha das actividades recollidas no artigo 5.1.b), c), d), e) e g) poderáselles exixir regulamentariamente o cumprimento de requisitos e garantías adicionais adecuados á singularidade dos servizos relacionados con esas actividades.

3. Igualmente, en relación coas actividades recollidas no artigo 5.1.a), f) e g), poderanse ampliar os requisitos referentes a medios persoais e materiais, conforme se dispoña regulamentariamente, para poder prestar servizos de seguridade privada en infraestruturas críticas ou en servizos esenciais, así como nos servizos descritos no artigo 40.1 e no artigo 41.2 e 3.

4. Para a contratación de servizos de seguridade privada nos sectores estratéxicos definidos na lexislación de protección de infraestruturas críticas, as empresas de seguridade privada deberán contar, con carácter previo á súa prestación, cunha certificación emitida por unha entidade de certificación acreditada que garanta, como mínimo, o cumprimento da normativa administrativa, laboral, de Seguridade Social e tributaria que lles sexa de aplicación.

5. Para os efectos previstos no punto 1.e) e f), deste artigo teranse en conta os requisitos xa exixidos no Estado membro da Unión Europea ou parte no acordo sobre o Espazo Económico Europeo de orixe no referente á subscrición do contrato de seguro de responsabilidade civil ou outras garantías financeiras, así como á constitución de avais ou seguros de caución.

6. As empresas de seguridade privada non españolas, autorizadas para a prestación de servizos de seguridade privada conforme a normativa de calquera dos Estados membros da Unión Europea ou dos Estados parte no acordo sobre o Espazo Económico Europeo, deberán inscribir obrigatoriamente no Rexistro Nacional de Seguridade Privada do Ministerio do Interior ou, cando teñan o seu domicilio nunha comunidade autónoma con competencias en materia de seguridade privada e o seu ámbito de actuación limitado a tal territorio, no rexistro autonómico correspondente, e para este efecto deberán acreditar a súa condición de empresas de seguridade privada e o cumprimento dos requisitos establecidos nesta lei, na forma que se determine regulamentariamente.

7. Sen prexuízo do disposto nos números anteriores, poderase eximir as empresas de seguridade privada que teñan por obxecto exclusivo a instalación ou o mantemento de aparellos, dispositivos e sistemas de seguridade que inclúan a prestación de servizos de conexión con centrais receptoras de alarma do cumprimento dalgún dos requisitos incluídos neste artigo, excepto os recollidos nas letras e) e f) do número 1, cando así se determine regulamentariamente.

8. O incumprimento sobrevido dos requisitos establecidos neste artigo dará lugar á extinción da autorización ou ao peche da empresa, no caso de presentación de declaración responsable e, en ambos os casos, á cancelación de oficio da inscrición da empresa de seguridade no rexistro correspondente.

Artigo 20. *Inscrición rexistral.*

1. Toda empresa de seguridade privada autorizada ou que, de ser o caso, presentase a correspondente declaración responsable será inscrita de oficio no Rexistro Nacional de Seguridade Privada ou no correspondente rexistro autonómico.

2. Non se poderá inscribir no Rexistro Nacional de Seguridade Privada ou no correspondente rexistro autonómico ningunha empresa cuxa denominación coincida, ou poida inducir a erro ou confusión, coa doutra xa inscrita ou coa de órganos ou dependencias das administracións públicas, ou cando coincida ou poida inducir a confusión cunha marca anterior rexistrada para actividades idénticas ou semellantes, salvo que o solicite o seu titular ou co seu consentimento.

Artigo 21. *Obrigacións xerais.*

1. As empresas de seguridade privada deberán cumprir as seguintes obrigacións xerais:

a) Desenvolver as actividades de seguridade privada nos termos desta lei e nas condicións establecidas na autorización que lles fose concedida ou na declaración responsable que presentasen.

b) Contar coa infraestrutura e loxística acorde coas exixencias establecidas nesta lei e no seu desenvolvemento regulamentario.

c) Comunicar ao Rexistro Nacional ou autonómico correspondente todo cambio que se produza en canto á súa forma xurídica, denominación, número de identificación fiscal, domicilio, delegacións, ámbito territorial de actuación, representantes legais, estatutos, titularidade das accións e participacións sociais, e toda variación que sobreveña na composición dos órganos de administración, xestión, representación e dirección das empresas.

As empresas de seguridade deben comunicar ao Rexistro Nacional ou autonómico do lugar onde presten servizos as altas e baixas do persoal de seguridade privada de que dispoñan e as incidencias concretas relacionadas cos servizos que prestan.

d) Garantir a formación e actualización profesional do persoal de seguridade privada de que dispoñan e do persoal da empresa que requira formación en materia de seguridade privada. O mantemento da aptitude no uso das armas de fogo farase coa participación de instrutores de tiro habilitados.

e) Presentar cada ano ao Ministerio do Interior ou ao órgano autonómico competente un informe sobre as súas actividades e o resumo das contas anuais, debidamente auditadas cando sexa preceptivo, coa información e datos que regulamentariamente se determinen. En ningún caso a memoria conterá datos de carácter persoal. O Ministerio do Interior e os órganos autonómicos competentes darán conta do funcionamento do sector ás Cortes Xerais e aos parlamentos autonómicos correspondentes respectivamente, anualmente.

2. Así mesmo, as empresas de seguridade privada estarán obrigadas a prestar especial auxilio e colaboración ás Forzas e Corpos de Seguridade, e deberán facilitar a estas a información que se lles requira en relación coas competencias atribuídas a elas.

Artigo 22. *Representantes legais.*

1. Para os efectos desta lei, entenderase por representante legal das empresas de seguridade privada todo aquel que asuma ou realice as tarefas de dirección, administración, xestión e representación, ou calquera delas, en nome daquelas.

2. Os representantes das empresas de seguridade privada, que se inscribirán no Rexistro Nacional de Seguridade Privada ou no correspondente rexistro autonómico, deberán:

a) Ser persoas físicas residentes no territorio dalgún dos Estados membros da Unión Europea ou dun Estado parte no acordo sobre o Espazo Económico Europeo.

b) Carecer de antecedentes penais por delitos dolosos.

c) Non ter sido sancionados nos dous ou catro anos anteriores por infracción grave ou moi grave, respectivamente, en materia de seguridade privada.

d) Non ter sido separados do servizo nas Forzas Armadas ou nas Forzas e Corpos de Seguridade nin ter exercido funcións de control das entidades ou servizos de seguridade, vixilancia ou investigación privadas, nin do seu persoal ou medios, como membros das Forzas e Corpos de Seguridade, nos dous anos anteriores.

e) Non ter sido administrador de feito ou de dereito ou apoderado xeral, nos dez anos anteriores, nunha empresa que fose declarada en concurso cualificado como culpable, ou condenada mediante sentenza firme por delitos de insolvencia punible, contra a Facenda pública, contra a Seguridade Social ou contra os dereitos dos traballadores, por intromisión ilexítima no ámbito de protección do dereito ao honor, á intimidade persoal e familiar ou á propia imaxe, vulneración do segredo das comunicacións ou doutros dereitos fundamentais.

3. Os representantes legais das empresas de seguridade privada serán responsables do cumprimento das obrigacións xerais impostas a elas polo artigo anterior.

Artigo 23. *Consideración de sector específico.*

1. As empresas de seguridade privada teñen a consideración de sector económico con regulación específica en materia de dereito de establecemento.

2. Cando o Consello de Ministros, conforme o disposto na normativa sobre investimentos estranxeiros, suspenda o réxime de liberalización dos movementos de capital, a autorización previa de investimentos de capital estranxeiro en empresas de seguridade privada exixirá, en todo caso, informe previo do Ministerio do Interior.

3. As empresas de seguridade privada nas cales se realizasen investimentos de capital estranxeiro estarán obrigadas a comunicar ao Ministerio do Interior todo cambio que se produza nelas, en relación co establecido no artigo 21.1.c).

4. As limitacións establecidas nos dous números precedentes non son de aplicación ás persoas físicas nacionais dos Estados membros da Unión Europea nin ás empresas constituídas de conformidade coa lexislación dun Estado membro e cuxa sede social, administración central ou centro de actividade principal se encontre dentro da Unión Europea.

CAPÍTULO II

Despachos de detectives privados

Artigo 24. *Apertura de despachos de detectives privados.*

1. De acordo co que se dispoña regulamentariamente, poderán abrir despachos de detectives privados e, de ser o caso, sucursais, as persoas físicas habilitadas como tales e as persoas xurídicas constituídas exclusivamente por detectives privados habilitados, que unicamente poderán desenvolver a actividade mencionada no artigo 5.1.h).

2. Os despachos de detectives privados inscribíranse de oficio no Rexistro Nacional de Seguridade Privada ou, de ser o caso, no rexistro da comunidade autónoma competente, logo de presentación de declaración responsable na forma que regulamentariamente se determine, para o cal deberán reunir os seguintes requisitos xerais:

a) Ter por obxecto da súa actividade profesional a realización dos servizos de investigación privada a que se refire o artigo 48.1 e conforme o establecido no artigo 10 desta lei en materia de prohibicións.

b) No caso de persoas xurídicas, estar legalmente constituídas e inscritas no Rexistro Mercantil ou no rexistro público correspondente, e cumprir cos requisitos establecidos no artigo 19.1.g) e h).

c) Fixar un domicilio como sede física do despacho en que se desenvolverá a actividade, se levará o libro de rexistro e se encontrará o arquivo dos expedientes de contratación e dos informes de investigación.

d) Facilitar unha relación nominal de detectives privados adscritos ao despacho como integrantes asociados ou dependentes del.

e) Subscribir un contrato de seguro de responsabilidade civil ou constituír outras garantías financeiras na contía e coas condicións que se determinen regulamentariamente.

f) Constituír o aval ou seguro de caución que se determine regulamentariamente á disposición das autoridades españolas para atender exclusivamente as responsabilidades administrativas por infraccións á normativa de seguridade privada que deriven do funcionamento dos despachos.

g) Manter en todo momento o titular e os demais detectives integrantes do despacho a habilitación profesional.

h) Contar coas medidas de seguridade que regulamentariamente se determinen.

3. A validez da declaración responsable necesaria para a apertura dos despachos de detectives e das súas sucursais será indefinida.

4. Os despachos de detectives poderán revestir forma societaria ou de empresario individual, e deberán, en ambos os casos, cumprir a totalidade de requisitos e obrigacións previstos neste capítulo para os despachos de detectives.

5. O incumprimento sobrevido dos requisitos exixidos para a apertura dos despachos de detectives producirá o seu peche e a cancelación de oficio da súa inscrición no Rexistro Nacional de Seguridade Privada ou, de ser o caso, no rexistro da comunidade autónoma competente.

Artigo 25. *Obrigacións xerais.*

1. Os despachos de detectives privados e as súas sucursais deberán cumprir as seguintes obrigacións xerais:

a) Formalizar por escrito un contrato por cada servizo de investigación que lles sexa encargado, comunicando a súa celebración ao Ministerio do Interior ou, de ser o caso, ao órgano autonómico competente na forma que regulamentariamente se determine. Esta obrigación subsistirá igualmente nos casos de subcontratación entre despachos.

b) Levar un libro de rexistro, co formato que regulamentariamente se determine, en que se anotará cada servizo de investigación contratado ou subcontratado.

c) Informar os seus clientes sobre as incidencias relativas aos asuntos que lles encargasen, con entrega, de ser o caso, do informe de investigación elaborado.

d) Facilitar de forma inmediata á autoridade xudicial ou ás Forzas e Corpos de Seguridade competentes as informacións sobre feitos delituosos de que teñan coñecemento en relación co seu traballo ou coas investigacións que estes estean a levar a cabo.

e) Acudir, cando sexan requiridos polos órganos competentes da Administración de xustiza e das Forzas e Corpos de Seguridade, ao seu chamamento, tan pronto como resulte posible, e facilitar as informacións de que teñan coñecemento en relación coas investigacións que tales organismos se encontren levando a cabo.

f) Atender as citacións que realicen os xulgados e tribunais e as dependencias policiais aos cales as súas informacións fosen comunicadas ou os seus informes de investigación fosen achegados, para a prestación de testemuño e ratificación, de ser o caso, do contido dos referidos informes de investigación.

g) Asegurar o arquivamento e a conservación da documentación relativa ao seu exercicio profesional, especialmente dos contratos, informes, libros e material de imaxe e son obtido.

h) Comunicar ao Ministerio do Interior ou, de ser o caso, ao órgano autonómico competente todo cambio que afecte a súa forma xurídica, denominación, composición, domicilio e sucursais na forma que regulamentariamente se determine.

i) Presentar ao Ministerio do Interior ou, de ser o caso, ao órgano autonómico competente, unha memoria anual de actividades do ano precedente, coa información que se determine regulamentariamente, que non poderá conter datos de carácter persoal

sobre contratantes ou investigados. O Ministerio do Interior e os órganos autonómicos competentes darán conta do funcionamento do sector ás Cortes Xerais e aos parlamentos autonómicos correspondentes respectivamente, anualmente.

j) Depositar, en caso de peche do despacho por calquera causa, a documentación profesional sobre contratos, informes de investigación e libros de rexistro nas dependencias do Corpo Nacional de Policía ou, de ser o caso, do corpo de policía autonómico competente.

2. Os titulares de despachos de detectives responderán civilmente das accións ou omisións en que, durante a execución dos seus servizos, incorran os detectives privados dependentes ou asociados.

TÍTULO III

Persoal de seguridade privada

CAPÍTULO I

Disposicións comúns

Artigo 26. Profesións de seguridade privada.

1. Unicamente pode exercer funcións de seguridade privada o persoal de seguridade privada, que estará integrado polos vixilantes de seguridade e a súa especialidade de vixilantes de explosivos, os escoltas privados, os gardas rurais e as súas especialidades de gardas de caza e gardas de pesca marítimos, os xefes de seguridade, os directores de seguridade e os detectives privados.

2. Para habilitarse como vixilante de explosivos será necesario ter obtido previamente a habilitación como vixilante de seguridade.

Para habilitarse como garda de caza ou garda de pesca marítimo será necesario telo feito previamente como garda rural.

3. Para a prestación de servizos en infraestruturas críticas e naqueles que teñan o carácter de esenciais para a comunidade, así como naqueles outros que excepcionalmente o requiran en función das súas características específicas, poderase incrementar regulamentariamente a exigencia formativa ao persoal de seguridade privada encargado da súa realización.

4. Regulamentariamente desenvolverase a obtención polo persoal de seguridade privada de habilitacións adicionais ás xa adquiridas. O desenvolvemento regulamentario considerará a exclusión dos requisitos de formación xa acreditados e valorará para a adquisición de tal habilitación adicional a experiencia acreditada no desenvolvemento de funcións de seguridade privada.

5. A uniformidade, os distintivos e os medios de defensa dos vixilantes de seguridade e dos gardas rurais e as súas respectivas especialidades determinaranse regulamentariamente.

Artigo 27. Habilitación profesional.

1. Para o exercicio das funcións de seguridade privada, o persoal a que se refire o artigo anterior deberá obter previamente a correspondente habilitación do Ministerio do Interior, nos termos que regulamentariamente se determinen.

2. A aqueles que soliciten a habilitación, logo de comprobación de que reúnen os requisitos necesarios, expediráselles a tarxeta de identidade profesional, que incluírá todas as habilitacións das cales o titular dispoña.

A tarxeta de identidade profesional constituirá o documento público de acreditación do persoal de seguridade privada mentres se encontra no exercicio das súas funcións profesionais.

3. A habilitación de todo o persoal de seguridade privada corresponderá á Dirección Xeral da Policía, excepto a dos gardas rurais e as súas especialidades, que corresponderá á Dirección Xeral da Garda Civil.

4. O persoal de seguridade privada exercerá exclusivamente as funcións para as cales se encuentre habilitado.

5. Regulamentariamente determinarase o réxime de incompatibilidades para o exercicio de funcións de seguridade privada.

Artigo 28. Requisitos xerais.

1. Para a obtención das habilitacións profesionais indicadas no artigo anterior, os aspirantes deberán reunir os seguintes requisitos xerais:

a) Ter a nacionalidade dalgún dos Estados membros da Unión Europea ou dun Estado parte no acordo sobre o Espazo Económico Europeo, ou ser nacional dun terceiro Estado que teña subscrito con España un convenio internacional en que cada parte recoñeza o acceso ao exercicio destas actividades aos nacionais da outra.

b) Ser maior de idade.

c) Posuír a capacidade física e a aptitude psicolóxica necesarias para o exercicio das funcións.

d) Estar en posesión da formación previa requirida no artigo 29.

e) Carecer de antecedentes penais por delitos dolosos.

f) Non ter sido sancionado nos dous ou catro anos anteriores por infracción grave ou moi grave, respectivamente, en materia de seguridade privada.

g) Non ter sido separado do servizo nas Forzas e Corpos de Seguridade ou nas Forzas Armadas españolas ou do país da súa nacionalidade ou procedencia nos dous anos anteriores.

h) Non ter sido condenado por intromisión ilexítima no ámbito de protección do dereito ao honor, á intimidade persoal e familiar ou á propia imaxe, vulneración do segredo das comunicacións ou doutros dereitos fundamentais nos cinco anos anteriores á solicitude.

i) Superar, de ser o caso, as probas de comprobación que regulamentariamente estableza o Ministerio do Interior, que acrediten os coñecementos e a capacidade necesarios para o exercicio das súas funcións.

2. Ademais dos requisitos xerais establecidos no número anterior, o persoal de seguridade privada deberá reunir, para a súa habilitación, os requisitos específicos que regulamentariamente se determinen en atención ás funcións que teña que desempeñar.

3. A perda dalgún dos requisitos establecidos neste artigo producirá a extinción da habilitación e a cancelación de oficio da inscrición no Rexistro Nacional.

4. Poderán habilitarse, pero non poderán exercer funcións propias do persoal de seguridade privada, os funcionarios públicos en activo e demais persoal ao servizo de calquera das administracións públicas, excepto cando desempeñen a función de director de seguridade no propio centro a que pertencen.

Os membros das Forzas e Corpos de Seguridade poderán exercer funcións propias do persoal de seguridade privada cando pasen a unha situación administrativa distinta á de servizo activo, sempre que nos dous anos anteriores non desempeñasen funcións de control das entidades, servizos ou actuacións de seguridade, vixilancia ou investigación privadas, nin do seu persoal ou medios.

5. Os nacionais doutros Estados membros da Unión Europea ou de Estados parte no acordo sobre o Espazo Económico Europeo cuxa habilitación ou cualificación profesional se obtivese nalgún dos ditos Estados para o desempeño de funcións de seguridade privada nel poderán prestar servizos en España, sempre que, precedendo comprobación do Ministerio do Interior, se acredite que cumpren os seguintes requisitos:

a) Posuír algunha titulación, habilitación ou certificación expedida polas autoridades competentes de calquera Estado membro ou dun Estado parte no Acordo sobre o Espazo Económico Europeo que os autorice para o exercicio de funcións de seguridade privada nel.

b) Acreditar os coñecementos, formación e aptitudes equivalentes aos exixidos en España para o exercicio das profesións relacionadas coa seguridade privada.

c) Ter coñecementos de lingua castelá suficientes para o normal desempeño das funcións de seguridade privada.

d) Os previstos nas letras b), e), f), g) e h) do número 1.

6. A carencia ou insuficiencia de coñecementos ou aptitudes necesarios para o exercicio en España de funcións de seguridade privada por parte dos nacionais de Estados membros da Unión Europea ou de Estados parte no Acordo sobre o Espazo Económico Europeo poderase suplir por aplicación das medidas compensatorias previstas na normativa vixente sobre recoñecemento de cualificacións profesionais, de conformidade co que se determine regulamentariamente.

Artigo 29. *Formación.*

1. A formación requirida para o persoal de seguridade privada consistirá:

a) Para os vixilantes de seguridade, vixilantes de explosivos, escoltas privados, gardas rurais, gardas de caza e gardas de pesca marítimos, na obtención da certificación acreditativa correspondente, expedida por un centro de formación de persoal de seguridade privada que presentase a declaración responsable ante o Ministerio do Interior ou o órgano autonómico competente, ou dos correspondentes certificados de profesionalidade de vixilancia e seguridade privada e gardaría rural e marítimo, que estableza o Goberno por proposta do Ministerio de Emprego e Seguridade Social, ou do título de formación profesional que estableza o Goberno por proposta do Ministerio de Educación, Cultura e Deporte. Nestes dous últimos casos non se exixirá a proba de comprobación de coñecementos e capacidade a que se refire o artigo 28.1.i).

b) Para os xefes e directores de seguridade, na obtención ben dun título universitario oficial de grao no ámbito da seguridade que acredite a adquisición das competencias que se determinen, ou ben do título do curso de dirección de seguridade, recoñecido polo Ministerio do Interior.

c) Para os detectives privados, na obtención ben dun título universitario de grao no ámbito da investigación privada que acredite a adquisición das competencias que se determinen, ben do título do curso de investigación privada, recoñecido polo Ministerio do Interior.

2. Cando se trate de membros das Forzas e Corpos de Seguridade e das Forzas Armadas terase en conta, na forma que regulamentariamente se estableza, o grao e a experiencia profesionais que acrediten a súa cualificación para o desempeño das diferentes funcións de seguridade privada, e será exixible en todo caso a proba de comprobación de coñecementos e capacidade a que se refire o artigo 28.1.i).

3. En relación co disposto no número 1, a formación previa do persoal comprendido na súa letra a) que non posúa a titulación correspondente de formación profesional, ou os certificados de profesionalidade, así como a súa actualización e especialización levarase a cabo nos centros de formación de seguridade privada que presentasen a declaración responsable ante o Ministerio do Interior ou o órgano autonómico competente, e por profesores acreditados polo citado ministerio.

4. Os centros de formación do persoal de seguridade privada requirirán, para a súa apertura e funcionamento, da presentación da correspondente declaración responsable ante o Ministerio do Interior ou órgano autonómico competente, e deberán reunir, entre outros que regulamentariamente se establezan, os seguintes requisitos:

a) Acreditación, por calquera título, do dereito de uso do inmovible.

b) Licenza municipal correspondente.

c) Relación de profesores acreditados.

d) Instalacións adecuadas ao cumprimento dos seus fins.

5. Non poderán ser titulares nin desempeñar funcións de dirección nin de administración de centros de formación do persoal de seguridade privada os membros das Forzas e Corpos de Seguridade que exercesen neles funcións de control das entidades, servizos ou actuacións, ou do persoal ou medios, en materia de seguridade privada nos dous anos anteriores.

6. As empresas de seguridade privada poderán crear centros de formación e actualización para persoal de seguridade privada pertencente ou non aos seus cadros de persoal, nos termos previstos no número 4.

7. O Ministerio do Interior elaborará os programas de formación previa e especializada correspondente ao persoal de seguridade privada, en cuxo contido se incluírán materias específicas de respecto á diversidade e á igualdade de trato e non discriminación.

Artigo 30. *Principios de actuación.*

Ademais do establecido no artigo 8, o persoal de seguridade privada aterase nas súas actuacións aos seguintes principios básicos:

- a) Legalidade.
- b) Integridade.
- c) Dignidade no exercicio das súas funcións.
- d) Corrección no trato cos cidadáns.
- e) Congruencia, aplicando medidas de seguridade e de investigación proporcionadas e adecuadas aos riscos.
- f) Proporcionalidade no uso das técnicas e medios de defensa e de investigación.
- g) Reserva profesional sobre os feitos que coñeza no exercicio das súas funcións.
- h) Colaboración coas Forzas e Corpos de Seguridade. O persoal de seguridade privada estará obrigado a auxiliar e colaborar especialmente coas Forzas e Corpos de Seguridade, a lles facilitar a información que resulte necesaria para o exercicio das súas funcións e a seguir as súas instrucións en relación co servizo de seguridade privada que estiveren prestando.

Artigo 31. *Protección xurídica de axente da autoridade.*

Consideraranse agresións e desobediencias a axentes da autoridade as que se cometan contra o persoal de seguridade privada, debidamente identificado, cando desenvolva actividades de seguridade privada en cooperación e baixo o mando das Forzas e Corpos de Seguridade.

CAPÍTULO II

Funcións de seguridade privada

Artigo 32. *Vixilantes de seguridade e a súa especialidade.*

1. Os vixilantes de seguridade desempeñarán as seguintes funcións:

a) Exercer a vixilancia e protección de bens, establecementos, lugares e eventos, tanto privados como públicos, así como a protección das persoas que se poidan encontrar neles, levando a cabo as comprobacións, rexistros e prevencións necesarias para o cumprimento da súa misión.

b) Efectuar controis de identidade, de obxectos persoais, paquetería, mercadorías ou vehículos, incluído o interior destes, no acceso ou no interior de inmobles ou propiedades onde presten servizo, sen que, en ningún caso, poidan reter a documentación persoal, pero si impedir o acceso a eses inmobles ou propiedades. A negativa a exhibir a identificación ou a permitir o control dos obxectos persoais, de paquetería, mercadoría ou

do vehículo facultará para impedir aos particulares o acceso ou para lles ordenar o abandono do inmovible ou da propiedade obxecto da súa protección.

c) Evitar a comisión de actos delituosos ou infraccións administrativas en relación co obxecto da súa protección, realizando as comprobacións necesarias para previlos ou impedir a súa consumación, debendo oporse a eles e intervir cando presenciaren a comisión dalgún tipo de infracción ou for precisa a súa axuda por razóns humanitarias ou de urxencia.

d) En relación co obxecto da súa protección ou da súa actuación, deter e pór inmediatamente á disposición das Forzas e Corpos de Seguridade competentes os delinquentes e os instrumentos, efectos e probas dos delitos, así como denunciar a quen cometa infraccións administrativas. Non poderán proceder ao interrogatorio daqueles, ben que non se considerará como tal a anotación dos seus datos persoais para a súa comunicación ás autoridades.

O disposto na letra anterior enténdese sen prexuízo dos supostos nos cales a Lei de auxizamento criminal permite a calquera persoa practicar a detención.

e) Protexer o almacenamento, contaxe, clasificación, transporte e dispensación de diñeiro, obras de arte e antigüidades, valores e outros obxectos valiosos, así como a manipulación de efectivo e demais procesos inherentes á execución destes servizos.

f) Levar a cabo, en relación co funcionamento de centrais receptoras de alarmas, a prestación de servizos de verificación persoal e resposta dos sinais de alarmas que se produzan.

Ademais, tamén poderán realizar as funcións de recepción, verificación non persoal e transmisión ás Forzas e Corpos de Seguridade que o artigo 47.1 recoñece aos operadores de seguridade.

2. Os vixilantes de seguridade dedicaranse exclusivamente ás funcións de seguridade propias e non as poderán simultanear con outras non directamente relacionadas con aquelas.

3. Corresponde aos vixilantes de explosivos, que deberán estar integrados en empresas de seguridade, a función de protección do almacenamento, transporte e demais procesos inherentes á execución destes servizos, en relación con explosivos ou outros obxectos ou substancias perigosas que regulamentariamente se determinen.

Será aplicable aos vixilantes de explosivos o establecido para os vixilantes de seguridade respecto da uniformidade, armamento e prestación do servizo.

Artigo 33. *Escoltas privados.*

1. Son funcións dos escoltas privados o acompañamento, a defensa e a protección de persoas determinadas, ou de grupos concretos de persoas, e impedir que sexan obxecto de agresións ou actos delituosos.

2. No desempeño das súas funcións, os escoltas non poderán realizar identificacións ou detencións, nin impedir ou restrinxir a libre circulación, salvo que resulte imprescindible como consecuencia dunha agresión ou dun intento manifesto de agresión á persoa ou persoas protexidas ou aos propios escoltas. En tal caso, deberán pór inmediatamente o detido ou detidos á disposición das Forzas e Corpos de Seguridade, sen proceder a ningunha clase de interrogatorio.

3. Para o cumprimento das indicadas funcións será aplicable aos escoltas privados o determinado no artigo 32 e demais preceptos concordantes, relativos a vixilantes de seguridade, salvo o referente á uniformidade.

Artigo 34. *Gardas rurais e as súas especialidades.*

1. Os gardas rurais exercerán funcións de vixilancia e protección de persoas e bens en predios rústicos, así como nas instalacións agrícolas, industriais ou comerciais que se encontren nelas.

Ateranse ao réxime xeral establecido para os vixilantes de seguridade, coa especificidade de que non poderán desempeñar as funcións recollidas no artigo 32.1.e).

2. Aos gardas de caza correspóndelles desempeñar as funcións previstas no número anterior para os gardas rurais e, ademais, as de vixilancia e protección nos predios de caza en canto aos distintos aspectos do réxime cinexético e espazos de pesca fluvial.

3. Corresponde aos gardas de pesca marítimos desempeñar as funcións previstas no número 1 para os gardas rurais e, ademais, as de vixilancia e protección dos establecementos de acuicultura e zonas marítimas con fins pesqueiros.

4. Os gardas de caza e os gardas de pesca marítimos poderán proceder á retirada ou ocupación das pezas cobradas e os medios de caza e pesca, incluídas armas, cando aqueles fosen utilizados para cometer unha infracción e proceder á súa entrega inmediata ás Forzas e Corpos de Seguridade competentes.

Artigo 35. *Xefes de seguridade.*

1. No ámbito da empresa de seguridade en cuxo cadro de persoal están integrados, corresponde aos xefes de seguridade o exercicio das seguintes funcións:

a) A análise de situacións de risco e a planificación e programación das actuacións precisas para a implantación e realización dos servizos de seguridade privada.

b) A organización, dirección e inspección do persoal e servizos de seguridade privada.

c) A proposta dos sistemas de seguridade que resulten pertinentes, e o control do seu funcionamento e mantemento, podendo validalos provisionalmente ata que se produza a inspección e autorización, de ser o caso, por parte da Administración.

d) O control da formación permanente do persoal de seguridade que deles dependa e a proposta da adopción das medidas ou iniciativas adecuadas para o cumprimento desa finalidade.

e) A coordinación dos distintos servizos de seguridade que deles dependan, con actuacións propias de protección civil en situacións de emerxencia, catástrofe ou calamidade pública.

f) A garantía da colaboración dos servizos de seguridade cos das correspondentes dependencias das Forzas e Corpos de Seguridade.

g) A supervisión da observancia da normativa de seguridade privada aplicable.

h) A responsabilidade sobre a custodia e o traslado de armas de titularidade da empresa a que pertenza, de acordo coa normativa de armas e co que regulamentariamente se determine.

2. A existencia do xefe de seguridade nas empresas de seguridade privada será obrigatoria sempre que estas se dediquen a todas ou algunhas das actividades previstas nas letras a), b), c), d) e e) do artigo 5.1.

En función da complexidade organizativa ou técnica, ou outras circunstancias que se determinen regulamentariamente, poderase exixir a existencia dun xefe de seguridade específico para algunhas das citadas actividades de seguridade.

3. Os xefes de seguridade poderán delegar o exercicio de funcións nos termos que regulamentariamente se dispoñan.

Artigo 36. *Directores de seguridade.*

1. En relación coa empresa ou entidade en que presten os seus servizos, corresponde aos directores de seguridade o exercicio das seguintes funcións:

a) A organización, dirección, inspección e administración dos servizos e recursos de seguridade privada dispoñibles.

b) A identificación, análise e avaliación de situacións de risco que poidan afectar a vida e integridade das persoas e o patrimonio.

c) A planificación, organización e control das actuacións precisas para a implantación das medidas conducentes a previr, protexer e reducir a manifestación de riscos de calquera natureza con medios e medidas precisas, mediante a elaboración e o desenvolvemento dos plans de seguridade aplicables.

d) O control do funcionamento e mantemento dos sistemas de seguridade privada.

e) A validación provisional, ata a comprobación, de ser o caso, por parte da Administración, das medidas de seguridade no referente á súa adecuación á normativa de seguridade privada.

f) A comprobación de que os sistemas de seguridade privada instalados e as empresas de seguridade privada contratadas cumpren coas exixencias de homologación dos organismos competentes.

g) A comunicación ás Forzas e Corpos de Seguridade competentes das circunstancias ou informacións relevantes para a seguridade cidadá, así como dos feitos delituosos de que teña coñecemento no exercicio das súas funcións.

h) A interlocución e enlace coa Administración, especialmente coas Forzas e Corpos de Seguridade, respecto da función de seguridade integral da entidade, empresa ou grupo empresarial que os teña contratados, en relación co cumprimento normativo sobre xestión de todo tipo de riscos.

i) As comprobacións dos aspectos necesarios sobre o persoal que, polo exercicio das funcións encomendadas, precise acceder a áreas ou informacións, para garantir a protección efectiva da súa entidade, empresa ou grupo empresarial.

2. Os usuarios de seguridade privada situarán á fronte da seguridade integral da entidade, empresa ou grupo empresarial un director de seguridade cando así o exixa a normativa de desenvolvemento desta lei pola dimensión do seu servizo de seguridade; cando se acorde por decisión governativa, en atención ás medidas de seguridade e ao grao de concentración de risco, ou cando o prevexa unha disposición especial.

O disposto neste punto é igualmente aplicable ás empresas de seguridade privada.

3. Nas empresas de seguridade o director de seguridade poderá compatibilizar as súas funcións coas de xefe de seguridade.

4. Cando unha empresa de seguridade preste servizo a un usuario que conte co seu propio director de seguridade, as funcións encomendadas aos xefes de seguridade no artigo 35.1.a), b), c) e e) serán asumidas polo citado director de seguridade.

5. Os directores de seguridade poderán delegar o exercicio de funcións nos termos que regulamentariamente se dispoña.

Artigo 37. *Detectives privados.*

1. Os detectives privados encargaranse da execución persoal dos servizos de investigación privada a que se refire o artigo 48, mediante a realización de indagacións en relación con persoas, feitos e condutas privadas.

2. No exercicio das súas funcións os detectives privados estarán obrigados a:

a) Confeccionar os informes de investigación relativos aos asuntos que teñan encargados.

b) Asegurar a necesaria colaboración coas Forzas e Corpos de Seguridade cando as súas actuacións profesionais se encontren relacionadas con feitos delituosos ou que poidan afectar a seguridade cidadá.

c) Ratificar o contido dos seus informes de investigación ante as autoridades xudiciais ou policiais cando sexan requiridos para iso.

3. O exercicio das funcións correspondentes aos detectives privados non será compatible coas funcións do resto do persoal de seguridade privada, nin con funcións propias do persoal ao servizo de calquera Administración pública.

4. Os detectives privados non poderán investigar delitos perseguibles de oficio e deberán denunciar inmediatamente ante a autoridade competente calquera feito desta natureza que chegue ao seu coñecemento, e pór á súa disposición toda a información e os instrumentos que poidan ter obtido ata ese momento.

TÍTULO IV

Servizos e medidas de seguridade

CAPÍTULO I

Disposicións comúns

Artigo 38. *Prestación dos servizos de seguridade privada.*

1. Os servizos de seguridade privada prestaranse de conformidade co disposto nesta lei, en particular nos seus artigos 8 e 30, e nas súas normas de desenvolvemento, consonte as estipulacións do contrato, así como, de ser o caso, coa autorización concedida ou declaración responsable presentada.

2. Os servizos de seguridade privada prestaranos unicamente empresas de seguridade privada, despachos de detectives e persoal de seguridade privada.

3. Regulamentariamente estableceranse as condicións e os requisitos para a subcontratación de servizos de seguridade privada.

4. Os vixilantes de seguridade, vixilantes de explosivos, escoltas privados e xefes de seguridade desempeñarán as súas funcións profesionais integrados nas empresas de seguridade que os teñan contratados.

5. Os directores de seguridade das empresas de seguridade privada e das entidades obrigadas a dispor desta figura, conforme o disposto no artigo 36, desempeñarán as súas funcións integrados nos cadros de persoal desas empresas.

6. Os gardas rurais poderán desenvolver as súas funcións sen necesidade de constituír ou estar integrados en empresas de seguridade, prestando os seus servizos directamente aos titulares de bens e dereitos que os poidan contratar, conforme o que se estableza regulamentariamente, cando se trate de servizos de vixilancia e protección de explotacións agrícolas, predios de caza, en canto aos distintos aspectos do réxime cinxético, e zonas marítimas protexidas con fins pesqueiros.

7. Os detectives privados exercerán as súas funcións profesionais a través dos despachos de detectives para os cales presten os seus servizos.

Artigo 39. *Forma de prestación.*

1. Os medios utilizados polas empresas de seguridade na prestación dos servizos de seguridade privada deberán estar homologados polo Ministerio do Interior. En todo caso, os vehículos, uniformes e distintivos non poderán inducir a confusión cos das Forzas e Corpos de Seguridade, nin cos das Forzas Armadas, e axustaranse ás características que regulamentariamente se determinen.

2. O persoal de seguridade privada uniformado, constituído polos vixilantes de seguridade e de explosivos e polos gardas rurais e as súas especialidades, prestará os seus servizos vestindo o uniforme e exhibindo o distintivo do cargo, e portando os medios de defensa regulamentarios, que non incluírán armas de fogo.

Regulamentariamente poderanse establecer excepcións á obrigaón de desenvolver as súas funcións con uniforme e distintivo.

3. Previo o outorgamento das correspondentes licenzas, só se desenvolverán con armas de fogo os servizos de seguridade privada previstos no artigo 40 e os que regulamentariamente se determinen.

As armas adecuadas para realizar os servizos de seguridade só se poderán portar estando de servizo, coas excepcións que se establezan regulamentariamente.

4. Salvo nos casos expresamente previstos nesta lei e o que se determine regulamentariamente atendendo ás especiais características de determinados servizos de seguridade privada, os vixilantes de seguridade exercerán as súas funcións no interior dos inmobles ou das propiedades de cuxa vixilancia estean encargados.

5. O persoal de seguridade privada, durante a prestación dos servizos de seguridade privada, portará a tarxeta de identidade profesional e, de ser o caso, a documentación correspondente á arma de fogo.

CAPÍTULO II

Servizos das empresas de seguridade privada

Artigo 40. *Servizos con armas de fogo.*

1. Os seguintes servizos de seguridade privada prestaranse con armas de fogo nos termos que regulamentariamente se determinen:

a) Os de vixilancia e protección do almacenamento, contaxe, clasificación e transporte de diñeiro, valores e obxectos valiosos.

b) Os de vixilancia e protección de fábricas e depósitos ou transporte de armas, cartucharía metálica e explosivos.

c) Os de vixilancia e protección en buques mercantes e buques pesqueiros que naveguen baixo bandeira española en augas en que exista grave risco para a seguridade das persoas ou dos bens.

d) Cando polas súas características e circunstancias o requiran, os de vixilancia e protección perimetral en centros penitenciarios, centros de internamento de estranxeiros, establecementos militares ou outros edificios ou instalacións de organismos públicos, incluídas as infraestruturas críticas.

2. Regulamentariamente determinaranse aqueles supostos en que, valoradas circunstancias tales como localización, valor dos obxectos que cómpre protexer, concentración do risco, perigosidade, nocturnidade, zonas rústicas ou cinxéticas, ou outras de análoga significación, poderá autorizarse a prestación dos servizos de seguridade privada portando armas de fogo.

Así mesmo, poderase autorizar a prestación dos servizos de verificación persoal de alarmas portando armas de fogo cando sexa necesario para garantir a seguridade do persoal que os presta, atendendo á natureza dese servizo, ao obxecto da protección ou a outras circunstancias que incidan naquela.

3. O persoal de seguridade privada só poderá portar a arma de fogo cando estea de servizo, e poderá acceder con ela ao lugar onde se desenvolva este, salvo que legalmente se estableza o contrario. Regulamentariamente poderanse establecer excepcións para supostos determinados.

4. As armas de fogo adecuadas para realizar cada tipo de servizo serán as que regulamentariamente se establezan.

Artigo 41. *Servizos de vixilancia e protección.*

1. Os servizos de vixilancia e protección referidos ás actividades recollidas no artigo 5.1.a) serán prestados por vixilantes de seguridade ou, de ser o caso, por gardas rurais, que desempeñarán as súas funcións, con carácter xeral, no interior dos edificios, das instalacións ou propiedades que cumpra protexer. Non obstante, poderanse prestar fóra destes espazos sen necesidade de autorización previa, incluso en vías ou espazos públicos ou de uso común, nos seguintes supostos:

a) A vixilancia e protección sobre accións de manipulación ou utilización de bens, maquinaria ou equipamentos valiosos que deban ter lugar nas vías ou espazos públicos ou de uso común.

b) A retirada e reposición de fondos en caixeiros automáticos, así como a prestación de servizos de vixilancia e protección deles durante as citadas operacións, ou nas de reparación de avarías.

c) Os desprazamentos ao exterior dos inmobles obxecto de protección para a realización de actividades directamente relacionadas coas funcións de vixilancia e seguridade de tales inmobles.

d) A vixilancia e protección dos medios de transporte e das súas infraestruturas.

e) Os servizos de rolda ou de vixilancia descontinua, consistentes na visita intermitente e programada aos diferentes postos de vixilancia establecidos ou aos distintos lugares obxecto de protección.

f) A persecución de quen sexa sorprendido en flagrante delito, en relación coas persoas ou bens obxecto da súa vixilancia e protección.

g) As situacións en que se exixa por razóns humanitarias.

h) Os servizos de vixilancia e protección a que se refiren os números seguintes.

2. Requirirán autorización previa por parte do órgano competente os seguintes servizos de vixilancia e protección, que se prestarán en coordinación, cando proceda, coas Forzas e Corpos de Seguridade, e de acordo coas súas instrucións:

a) A vixilancia en polígonos industriais e urbanizacións delimitados, incluídas as súas vías ou espazos de uso común.

b) A vixilancia en complexos ou parques comerciais e de ocio que se encontren delimitados.

c) A vixilancia en acontecementos culturais, deportivos ou calquera outro evento de relevancia social que se desenvolva en vías ou espazos públicos ou de uso común, en coordinación, en todo caso, coas Forzas e Corpos de Seguridade.

d) A vixilancia e protección en recintos e espazos abertos que se encontren delimitados.

Regulamentariamente estableceranse as condicións e os requisitos para a prestación destes servizos.

3. Cando así o decida o órgano competente, e cumprindo estritamente as ordes e instrucións das Forzas e Corpos de Seguridade, poderanse prestar os seguintes servizos de vixilancia e protección:

a) A vixilancia perimetral de centros penitenciarios.

b) A vixilancia perimetral de centros de internamento de estranxeiros.

c) A vixilancia doutros edificios ou instalacións de organismos públicos.

d) A participación na prestación de servizos encomendados á seguridade pública, complementando a acción policial. A prestación destes servizos tamén a poderán realizar gardas rurais.

Artigo 42. *Servizos de videovixilancia.*

1. Os servizos de videovixilancia consisten no exercicio da vixilancia a través de sistemas de cámaras ou videocámaras, fixas ou móbiles, capaces de captar e gravar imaxes e sons, incluído calquera medio técnico ou sistema que permita os mesmos tratamentos ca estas.

Cando a finalidade destes servizos sexa previr infraccións e evitar danos ás persoas ou bens obxecto de protección ou impedir accesos non autorizados, serán prestados necesariamente por vixilantes de seguridade ou, de ser o caso, por gardas rurais.

Non terán a consideración de servizo de videovixilancia a utilización de cámaras ou videocámaras cuxo obxecto principal sexa a comprobación do estado de instalacións ou bens, o control de accesos a aparcadoiros e garaxes, ou as actividades que se desenvolven desde os centros de control e outros puntos, zonas ou áreas das autoestradas de peaxe. Estas funcións poderán ser realizadas por persoal distinto do de seguridade privada.

2. Non se poderán utilizar cámaras ou videocámaras con fins de seguridade privada para tomar imaxes e sons de vías e espazos públicos ou de acceso público salvo nos supostos e nos termos e condicións previstos na súa normativa específica, precedendo autorización administrativa do órgano competente en cada caso. A súa utilización no interior dos domicilios requirirá o consentimento do titular.

3. As cámaras de videovixilancia que formen parte de medidas de seguridade obrigatorias ou de sistemas de recepción, verificación e, de ser o caso, resposta e

transmisión de alarmas, non requirirán autorización administrativa para a súa instalación, emprego ou utilización.

4. As gravacións realizadas polos sistemas de videovixilancia non se poderán destinar a un uso distinto do da súa finalidade. Cando se encontren relacionadas con feitos delituosos ou que afecten a seguridade cidadá, achegaranse, por propia iniciativa ou logo do seu requirimento, ás Forzas e Corpos de Seguridade competentes, respectando os criterios da súa conservación e custodia para a súa válida presentación como evidencia ou proba en investigacións policiais ou xudiciais.

5. A monitorización, gravación, tratamento e rexistro de imaxes e sons por parte dos sistemas de videovixilancia estará sometida ao previsto na normativa en materia de protección de datos de carácter persoal e, especialmente, aos principios de proporcionalidade, idoneidade e intervención mínima.

6. No non previsto na presente lei e nas súas normas de desenvolvemento aplicarase o disposto na normativa sobre videovixilancia por parte das Forzas e Corpos de Seguridade.

Artigo 43. *Servizos de protección persoal.*

1. Os servizos de protección persoal a cargo de escoltas privados consistirán no acompañamento, custodia, resguardo, defensa e protección da liberdade, vida e integridade física de persoas ou grupos de persoas determinadas.

2. A prestación de servizos de protección persoal realizarase con independencia do lugar onde se encontre a persoa protexida, incluído o seu tránsito ou circulación polas vías públicas, sen que se poidan realizar identificacións, restricións da circulación ou detencións, salvo en caso de flagrante delito relacionado co obxecto da súa protección.

3. A prestación destes servizos só se poderá realizar logo de autorización do Ministerio do Interior ou do órgano autonómico competente, conforme se dispoña regulamentariamente.

Artigo 44. *Servizos de depósito de seguridade.*

1. Os servizos de depósito de seguridade, referidos á actividade recollida no artigo 5.1.c), estarán a cargo de vixilantes de seguridade e prestaranse obrigatoriamente cando os obxectos en cuestión alcancen as contías que regulamentariamente se establezan, así como cando as autoridades competentes o determinen en atención aos antecedentes e circunstancias relacionadas con tales obxectos.

2. Os servizos de depósito de seguridade referidos á actividade recollida no artigo 5.1.d) estarán a cargo de vixilantes de explosivos e prestaranse obrigatoriamente cando precisen de vixilancia, coidado e protección especial, de acordo coa normativa específica de cada materia ou así o dispoñan as autoridades competentes en atención aos antecedentes e circunstancias relacionadas con tales obxectos ou substancias.

Artigo 45. *Servizos de transporte de seguridade.*

Os servizos de transporte e distribución dos obxectos e substancias a que se refire o artigo anterior levaranse a cabo mediante vehículos acondicionados especialmente para cada tipo de transporte ou outros elementos de seguridade específicos homologados para o transporte, e consistirán no seu traslado material e a súa protección durante este por vixilantes de seguridade ou vixilantes de explosivos, respectivamente, conforme o establecido nesta lei e nas súas normas regulamentarias de desenvolvemento.

Artigo 46. *Servizos de instalación e mantemento.*

1. Os servizos de instalación e mantemento de aparellos, equipamentos, dispositivos e sistemas de seguridade conectados a centrais receptoras de alarmas, centros de control ou de videovixilancia consistirán na execución por técnicos acreditados de todas aquelas operacións de instalación e mantemento de tales aparellos, equipamentos,

dispositivos ou sistemas que resulten necesarias para o seu correcto funcionamento e o bo cumprimento da súa finalidade, logo de elaboración por enxeñeiros acreditados do preceptivo proxecto de instalación, cuxas características se determinarán regulamentariamente.

2. Estes sistemas deberanse someter a revisións preventivas coa periodicidade e forma que se determine regulamentariamente.

Artigo 47. *Servizos de xestión de alarmas.*

1. Os servizos de xestión de alarmas, a cargo de operadores de seguridade, consistirán na recepción, verificación non persoal e, de ser o caso, transmisión dos sinais de alarma, relativas á seguridade e protección de persoas e bens ás Forzas e Corpos de Seguridade competentes.

2. Os servizos de resposta ante alarmas prestaranos vixilantes de seguridade ou, de ser o caso, gardas rurais, e poderán comprender os seguintes servizos:

a) O depósito e custodia das chaves dos inmobles ou obxectos onde estean instalados os sistemas de seguridade conectados á central de alarmas e, de ser o caso, o seu traslado ata o lugar de que proceda o sinal de alarma verificada ou ben a apertura a distancia controlada desde a central de alarmas.

b) O desprazamento dos vixilantes de seguridade ou gardas rurais co fin de proceder á verificación persoal da alarma recibida.

c) Facilitar o acceso aos servizos policiais ou de emerxencia cando as circunstancias o requiran, ben mediante aperturas remotas controladas desde a central de alarmas ou cos medios e dispositivos de acceso de que se dispoña.

3. Cando os servizos se refiran á análise e monitorización de eventos de seguridade da información e as comunicacións, estarán suxeitos ás especificacións que regulamentariamente se determinen. Os sinais de alarma referidos a estes eventos deberán ser postos, cando corresponda, en coñecemento do órgano competente, polo propio usuario ou pola empresa con que contratase a seguridade.

CAPÍTULO III

Servizos dos despachos de detectives privados

Artigo 48. *Servizos de investigación privada.*

1. Os servizos de investigación privada a cargo de detectives privados consistirán na realización das indagacións que resulten necesarias para a obtención e achega, por conta de terceiros lexitimados, de información e probas sobre condutas ou feitos privados relacionados cos seguintes aspectos:

a) Os relativos ao ámbito económico, laboral, mercantil, financeiro e, en xeral, á vida persoal, familiar ou social, exceptuada a que se desenvolva nos domicilios ou lugares reservados.

b) A obtención de información tendente a garantir o normal desenvolvemento das actividades que teñan lugar en feiras, hoteis, exposicións, espectáculos, certames, convencións, grandes superficies comerciais, locais públicos de gran concorrencia ou ámbitos análogos.

c) A realización de indagacións e a obtención de información e probas relativas a delitos só perseguibles por instancia de parte por encarga dos suxeitos lexitimados no proceso penal.

2. A aceptación da encarga destes servizos polos despachos de detectives privados requirirá, en todo caso, a acreditación, polo seu solicitante do interese lexitimo alegado, do que se deixará constancia no expediente de contratación e investigación que se abra.

3. En ningún caso se poderá investigar a vida íntima das persoas que transcorra nos seus domicilios ou noutros lugares reservados, nin se poderán utilizar neste tipo de servizos medios persoais, materiais ou técnicos de tal forma que atenten contra o dereito ao honor, á intimidade persoal ou familiar ou á propia imaxe ou ao segredo das comunicacións ou á protección de datos.

4. Na prestación dos servizos de investigación, os detectives privados non poderán utilizar ou facer uso de medios, vehículos ou distintivos que se poidan confundir cos das Forzas e Corpos de Seguridade.

5. En todo caso, os despachos de detectives e os detectives privados encargados das investigacións velarán polos dereitos dos seus clientes con respecto aos dos suxeitos investigados.

6. Os servizos de investigación privada executaranse con respecto aos principios de razoabilidade, necesidade, idoneidade e proporcionalidade.

Artigo 49. *Informes de investigación.*

1. Por cada servizo que lles sexa contratado, os despachos ou os detectives privados encargados do asunto deberán elaborar un único informe en que reflectirán o número de rexistro asignado ao servizo, os datos da persoa que encarga e contrata o servizo, o obxecto da contratación, os medios, os resultados, os detectives intervinientes e as actuacións realizadas, nas condicións e prazos que regulamentariamente se establezan.

2. No informe de investigación unicamente se fará constar información directamente relacionada co obxecto e finalidade da investigación contratada, sen incluír nel referencias, informacións ou datos que se puidesen descubrir relativos ao cliente ou ao suxeito investigado, en particular os de carácter persoal especialmente protexidos, que non resulten necesarios ou que non garden directa relación con tal obxecto e finalidade nin co interese lexítimo alegado para a contratación.

3. Este informe estará á disposición do cliente, a quen se entregará, de ser o caso, ao finalizar o servizo, así como á disposición das autoridades policiais competentes para a inspección, nos termos previstos no artigo 54.5.

4. Os informes de investigación deberanse conservar arquivados, ao menos, durante tres anos, sen prexuízo do disposto no artigo 16.3 da Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal. As imaxes e os sons gravados durante as investigacións destruíranse tres anos despois da súa finalización, salvo que estean relacionadas cun procedemento xudicial, unha investigación policial ou un procedemento sancionador. En todo caso, o tratamento de tales imaxes e sons deberá observar o establecido na normativa sobre protección de datos de carácter persoal, especialmente sobre o bloqueo de datos previsto nela.

5. As investigacións privadas terán carácter reservado e os datos obtidos a través delas so se poderán pór á disposición do cliente ou, de ser o caso, dos órganos xudiciais e policiais, Neste último suposto unicamente para unha investigación policial ou para un procedemento sancionador, conforme o disposto no artigo 25.

Artigo 50. *Deber de reserva profesional.*

1. Os detectives privados están obrigados a gardar reserva sobre as investigacións que realicen e non poderán facilitar datos ou informacións sobre estas máis que ás persoas que llesas encomendaron e aos órganos xudiciais e policiais competentes para o exercicio das súas funcións.

2. Só mediante requirimento xudicial ou solicitude policial relacionada co exercicio das súas funcións no curso dunha investigación criminal ou dun procedemento sancionador se poderá acceder ao contido das investigacións realizadas polos detectives privados.

CAPÍTULO IV

Medidas de seguridade privada

Artigo 51. *Adopción de medidas.*

1. As persoas físicas ou xurídicas, públicas ou privadas, poderanse dotar de medidas de seguridade privada dirixidas á protección de persoas e bens e ao aseguramento do normal desenvolvemento das súas actividades persoais ou empresariais.

2. Regulamentariamente, coa finalidade de prever a comisión de actos delituosos contra eles ou por xerar riscos directos para terceiros ou ser especialmente vulnerables, determinaranse os establecementos e as instalacións industriais, comerciais e de servizos e os eventos que resulten obrigados a adoptar medidas de seguridade, así como o tipo e características das que deban implantar en cada caso.

3. O Ministerio do Interior ou, de ser o caso, o órgano autonómico competente poderá ordenar que os titulares de establecementos ou instalacións industriais, comerciais e de servizos e os organizadores de eventos adopten as medidas de seguridade que regulamentariamente se establezan.

O órgano competente formulará a proposta tendo en conta, ademais da súa finalidade preventiva de feitos delituosos e de evitación de riscos, a natureza da actividade, a localización dos establecementos ou instalacións, a concentración de persoas ou outras circunstancias que a xustifiquen e, logo de audiencia do titular ou organizador, resolverá motivadamente.

Cando se considere necesaria a implantación desas medidas en órganos ou organismos públicos, o órgano competente formulará a correspondente proposta e, logo de acordo co órgano administrativo ou entidade de que dependan as instalacións ou locais necesitados de protección, ditará a resolución procedente.

4. As sedes e delegacións das empresas de seguridade privada vinculadas á operativa de seguridade e os despachos de detectives privados e as súas sucursais estarán obrigados a adoptar as medidas de seguridade que se establezan regulamentariamente.

5. A realización de eventos e a apertura ou funcionamento de establecementos e instalacións e de empresas de seguridade e as súas delegacións e despachos de detectives e as súas sucursais, mencionados nos números 2 e 3, estará condicionada á efectiva implantación das medidas de seguridade que resulten obrigatorias en cada caso.

6. Os órganos competentes poderán eximir da implantación de medidas de seguridade obrigatorias cando as circunstancias que concorran no caso concreto as fagan innecesarias ou improcedentes.

7. Os titulares dos establecementos, instalacións e empresas de seguridade privada e as súas delegacións, así como dos despachos de detectives privados e as súas sucursais e os organizadores de eventos serán responsables da adopción das medidas de seguridade que resulten obrigatorias en cada caso.

As empresas de seguridade encargadas da prestación das medidas de seguridade que lles sexan contratadas serán responsables da súa correcta instalación, mantemento e funcionamento, sen prexuízo da responsabilidade en que poidan incorrer os seus empregados ou os titulares dos establecementos, instalacións ou organizadores obrigados, se calquera anomalía no seu funcionamento lles for imputable.

8. Quedarán sometidos ao establecido nesta lei e nas súas disposicións de desenvolvemento os usuarios que, sen estaren obrigados, adopten medidas de seguridade, así como aqueles que adopten medidas de seguridade adicionais ás obrigatorias, respecto destas.

Artigo 52. *Tipos de medidas.*

1. Para os exclusivos efectos desta lei, poderanse adoptar os seguintes tipos de medidas de seguridade, destinadas á protección de persoas e bens:

a) De seguridade física, cuxa funcionalidade consiste en impedir ou dificultar o acceso a determinados lugares ou bens mediante a interposición de calquera tipo de barreiras físicas.

b) De seguridade electrónica, orientadas a detectar ou advertir calquera tipo de ameaza, perigo, presenza ou intento de asalto ou intrusión que se poida producir, mediante a activación de calquera tipo de dispositivos electrónicos.

c) De seguridade informática, cuxo obxecto é a protección e salvagarda da integridade, confidencialidade e dispoñibilidade dos sistemas de información e comunicación, e da información neles contida.

d) De seguridade organizativa, dirixidas a evitar ou pór termo a calquera tipo de ameaza, perigo ou ataque deliberado, mediante a disposición, programación ou planificación de misións, funcións ou tarefas formalizadas ou executadas por persoas; tales como a creación, existencia e funcionamento de departamentos de seguridade ou a elaboración e aplicación de todo tipo de plans de seguridade, así como calquera outra de similar natureza que se poida adoptar.

e) De seguridade persoal, para a prestación de servizos de seguridade regulados nesta lei, distintos dos que constitúen o obxecto específico das anteriores.

2. As características, elementos e finalidades das medidas de seguridade de calquera tipo, quen queira que os utilice, determinaranse regulamentariamente de acordo co previsto, en canto aos seus graos e características, nas normas que conteñen especificacións técnicas para unha actividade ou produto. Así mesmo, estas medidas de seguridade, medios materiais e sistemas de alarma deberán contar coa avaliación dos organismos de certificación acreditados no momento da súa instalación e terán vixencia indefinida, salvo deterioración ou instalación dun novo sistema, que deberá ser conforme coa homologación que lle resulte aplicable.

TÍTULO V

Control administrativo

Artigo 53. *Actuacións de control.*

1. Corresponde ás Forzas e Corpos de Seguridade competentes no exercicio das funcións de control das empresas, despachos de detectives, dos seus servizos ou actuacións e do seu persoal e medios en materia de seguridade privada, o cumprimento das ordes e instrucións que impartan os órganos a que se refiren os artigos 12 e 13.

2. No exercicio destas funcións, os membros das Forzas e Corpos de Seguridade competentes poderán requirir a información pertinente e adoptar as medidas provisionais que resulten necesarias, nos termos do artigo 55.

3. Cando no exercicio das actuacións de control se detecte a posible comisión dunha infracción administrativa, instarase a autoridade competente para a incoación do correspondente procedemento sancionador. Se se trata da posible comisión dun feito delituoso, porase inmediatamente en coñecemento da autoridade xudicial.

4. Toda persoa que teña coñecemento de irregularidades cometidas no ámbito da seguridade privada poderá denuncialas ante as autoridades ou funcionarios competentes, para os efectos do posible exercicio das actuacións de control e sanción correspondentes.

5. O acceso polos órganos que teñan atribuída a competencia de control limitarase aos datos necesarios para a súa realización.

Artigo 54. *Actuacións de inspección.*

1. As Forzas e Corpos de Seguridade competentes establecerán plans anuais de inspección ordinaria sobre as empresas, os despachos de detectives privados, o persoal, os servizos, os establecementos, os centros de formación, as medidas de seguridade e calquera outra actividade ou servizo regulado nesta lei.

2. Á marxe dos citados plans de inspección, cando reciban denuncias sobre irregularidades cometidas no ámbito da seguridade privada procederán á comprobación dos feitos denunciados e, de ser o caso, a instar a incoación do correspondente procedemento sancionador.

3. Para os efectos anteriormente indicados, as empresas de seguridade, os despachos de detectives e o persoal de seguridade privada, así como os establecementos obrigados a contratar servizos de seguridade privada, os centros de formación, as centrais de alarma de uso propio e os usuarios que contraten eses servizos, deberán facilitar ás Forzas e Corpos de Seguridade competentes o acceso ás súas instalacións e medios para os efectos de inspección, así como á información contida nos contratos de seguridade, nos informes de investigación e nos libros de rexistro, nos supostos e na forma que regulamentariamente se determine.

4. As actuacións de inspección ateranse aos principios de inxerencia mínima e proporcionalidade, e terán por finalidade a comprobación do cumprimento da lexislación aplicable.

5. Cando as actuacións de inspección recaian sobre os servizos de investigación privada, terase especial coidado na súa execución, extremando as cautelas en relación coas imaxes, sons ou datos persoais obtidos que figuren no expediente de investigación. As actuacións limitaranse á comprobación da súa existencia, sen entrar no seu contido, salvo que se encontre relacionado cunha investigación xudicial ou policial ou cun expediente sancionador.

6. As inspeccións a que se refiren os números anteriores realizaraas o Corpo Nacional de Policía; a Garda Civil, no caso dos gardas rurais e as súas especialidades e centros e cursos de formación relativos a este persoal, ou o corpo de policía autonómica competente.

7. Sempre que o persoal indicado no número anterior realice unha inspección, redactará a acta correspondente e, no caso de existencia de infracción, darase conta á autoridade competente.

8. O acceso polos órganos que teñan atribuída a competencia de inspección limitaranse aos datos necesarios para a súa realización.

Artigo 55. *Medidas provisionais anteriores ao procedemento.*

1. Os membros das Forzas e Corpos de Seguridade competentes poderán acordar excepcionalmente as seguintes medidas provisionais anteriores á eventual incoación dun procedemento sancionador, dando conta del inmediatamente á autoridade competente:

a) A ocupación ou precinto de vehículos, armas, material ou equipamentos prohibidos, non homologados ou que resulten perigosos ou prexudiciais, así como dos instrumentos e efectos da infracción, en supostos de grave risco ou perigo inminente para as persoas ou bens.

b) A suspensión, xunto coa intervención ou ocupación dos medios ou instrumentos que se estean empregando, daqueles servizos de seguridade que se estean prestando sen as preceptivas garantías e formalidades legais ou sen contar coa necesaria autorización ou declaración responsable, ou cando poidan causar danos ou perdas a terceiros ou pór en perigo a seguridade cidadá.

c) O cesamento dos servizos de seguridade cando se constate que están sendo prestados por empresas, centrais de alarma de uso propio ou despachos de detectives, non autorizados ou que non presentasen a declaración responsable, ou por persoal non habilitado ou acreditado para o seu exercicio legal.

d) O cesamento da actividade docente en materia de seguridade privada, cando se constate que os centros que a imparten non presentaron a declaración responsable ou o profesorado non ten a acreditación correspondente.

e) A desconexión dos sistemas de alarma cuxo mal funcionamento cause prexuízos á seguridade pública ou molestias a terceiros. Cando se trate de establecementos

obrigados a contar con esta medida de seguridade, a desconexión suplirase mediante o establecemento dun servizo permanente de vixilancia e protección privada.

f) A retirada da tarxeta de identificación profesional ao persoal de seguridade ou da acreditación ao persoal acreditado, cando resulten detidos pola súa implicación na comisión de feitos delituosos.

g) A suspensión, parcial ou total, das actividades dos establecementos que sexan notoriamente vulnerables e non teñan en funcionamento as medidas de seguridade obrigatorias.

2. Estas medidas deberán ser ratificadas, modificadas ou revogadas no prazo máximo de quince días. En todo caso, quedarán sen efecto se, transcorrido ese prazo, non se incoa o procedemento sancionador ou o acordo de incoación non contén un pronunciamento expreso acerca delas. O órgano competente para ratificar, revogar ou modificar as medidas provisionais será o competente para incoar o procedemento sancionador.

3. A duración das medidas previstas no número 1, que deberá ser notificada aos interesados, non poderá exceder os seis meses.

4. Así mesmo, con independencia das responsabilidades penais ou administrativas que procedan, os membros das Forzas e Corpos de Seguridade competentes faranse cargo das armas que se porten ou utilicen ilegalmente, seguindo o disposto ao respecto na normativa de armas.

TÍTULO VI

Réxime sancionador

CAPÍTULO I

Infraccións

Artigo 56. *Clasificación e prescripción.*

1. As infraccións das normas contidas nesta lei poderán ser leves, graves e moi graves.

2. As infraccións leves prescribirán aos seis meses, as graves ao ano e as moi graves aos dous anos.

3. O prazo de prescripción contarase desde a data en que a infracción se cometeu. Nas infraccións derivadas dunha actividade continuada, a data inicial do cómputo será a da finalización da actividade ou a do último acto en que a infracción se consume.

4. A prescripción interromperase pola iniciación, con coñecemento do interesado, do procedemento sancionador, e o prazo volverá a correr se o expediente permanece paralizado durante seis meses por causa non imputable a aqueles contra quen se dirixa.

Artigo 57. *Infraccións das empresas que desempeñen actividades de seguridade privada, dos seus representantes legais, dos despachos de detectives privados e das centrais de alarma de uso propio.*

As empresas que desempeñen actividades de seguridade privada, os seus representantes legais, os despachos de detectives privados e as centrais de alarma de uso propio poderán incurrir nas seguintes infraccións:

1. Infraccións moi graves:

a) A prestación de servizos de seguridade privada a terceiros carecendo de autorización ou, de ser o caso, sen ter presentado a declaración responsable prevista no artigo 18.1 e 2 para a prestación dos servizos de que se trate.

b) A contratación ou utilización, en servizos de seguridade privada, de persoas que carezan da habilitación ou acreditación correspondente.

c) A realización de actividades prohibidas no artigo 8.4, sobre reunións ou manifestacións, conflitos políticos ou laborais, control de opinións ou a súa expresión, ou a información a terceiras persoas sobre bens de cuxa seguridade ou investigación fosen encargados, ou calquera outra forma de quebrantamento do deber de reserva, cando non sexan constitutivas de delito e salvo que sexan constitutivas de infracción á normativa sobre protección de datos de carácter persoal.

d) A instalación ou utilización de medios materiais ou técnicos non homologados cando a homologación sexa preceptiva e sexan susceptibles de causar grave dano ás persoas ou aos intereses xerais.

e) A negativa a facilitar, cando proceda, a información contida nos contratos de seguridade privada, nos libros de rexistro ou o acceso aos informes de investigación privada.

f) O incumprimento das previsións normativas sobre adquisición e uso de armas, así como sobre dispoñibilidade de armeiros e custodia daquelas, particularmente a tenza de armas polo persoal ao seu servizo fóra dos casos permitidos por esta lei ou a contratación de instrutores de tiro que carezan da oportuna habilitación.

g) A prestación de servizos de seguridade privada con armas de fogo fóra do disposto nesta lei.

h) A negativa a prestar auxilio ou colaboración ás Forzas e Corpos de Seguridade na investigación e persecución de actos delituosos, no descubrimento e detención dos delinquentes ou na realización das funcións inspectoras ou de control que lles correspondan.

i) O incumprimento da obrigaón que impón aos representantes legais o artigo 22.3.

j) A ausencia das medidas de seguridade obrigatorias, por parte das empresas de seguridade privada e dos despachos de detectives, nas súas sedes, delegacións e sucursais.

k) O incumprimento das condicións de prestación de servizos establecidos pola autoridade competente en relación co exercicio do dereito de folga en servizos esenciais, ou nos cales o servizo de seguridade se impuxese obrigatoriamente, nos supostos a que se refire o artigo 8.6.

l) O incumprimento dos requisitos que impón ás empresas de seguridade o artigo 19. 1, 2 e 3, e o artigo 35.2.

m) O incumprimento dos requisitos que impón aos despachos de detectives o artigo 24. 1 e 2.

n) A falta de transmisión ás Forzas e Corpos de Seguridade competentes das alarmas reais que se rexistren nas centrais receptoras de alarmas privadas, incluídas as de uso propio, así como o atraso na súa transmisión, cando estas condutas non estean xustificadas.

ñ) A prestación de servizos compatibles recollidos no artigo 6.2, empregando persoal non habilitado que utilice armas ou medios de defensa reservados ao persoal de seguridade privada.

o) A realización de investigacións privadas a favor de solicitantes nos cales non concorra un interese lexítimo no asunto.

p) A prestación de servizos de seguridade privada sen formalizar os correspondentes contratos.

q) O emprego ou a utilización, en servizos de seguridade privada, de medidas ou de medios persoais, materiais ou técnicos de forma que se atente contra o dereito ao honor, á intimidade persoal ou familiar ou á propia imaxe ou ao segredo das comunicacións, sempre que non constituán delito.

r) A falta de comunicación por parte de empresas de seguridade informática das incidencias relativas ao sistema de cuxa protección sexan responsables cando sexa preceptivo.

s) A comisión dunha terceira infracción grave ou dunha grave e outra moi grave no período de dous anos, tendo sido sancionado polas anteriores.

t) A prestación de actividades alleas ás de seguridade privada, excepto as compatibles previstas no artigo 6 da presente lei.

2. Infraccións graves:

a) A instalación ou utilización de medios materiais ou técnicos non homologados, cando a homologación sexa preceptiva.

b) A prestación de servizos de seguridade privada con vehículos, uniformes, distintivos, armas ou medios de defensa que non reúnan as características regulamentarias.

c) A prestación de servizos de seguridade privada carecendo dos requisitos específicos de autorización ou presentación de declaración responsable para a realización dese tipo de servizos. Esta infracción tamén será aplicable cando tales servizos se leven a cabo fóra do lugar ou do ámbito territorial para o cal estean autorizados ou se presentase a declaración responsable, ou carecendo da autorización previa ou da dita declaración cando estas sexan preceptivas, ou cando se realicen en condicións distintas ás expresamente previstas na autorización do servizo.

d) A retención da documentación profesional do persoal de seguridade privada ou da acreditación do persoal acreditado.

e) A prestación de servizos de seguridade privada sen comunicar correctamente os correspondentes contratos ao Ministerio do Interior ou ao órgano autonómico competente, ou nos casos en que a comunicación se producise con posterioridade ao inicio do servizo.

f) A prestación de servizos de seguridade privada sen cumprir o estipulado no correspondente contrato.

g) A falta de substitución ante o abandono ou a omisión inxustificadas do servizo por parte do persoal de seguridade privada, dentro da xornada laboral establecida.

h) A utilización, no desempeño de funcións de seguridade privada, de persoal de seguridade privada, cunha antigüidade mínima dun ano na empresa, que non realizase os correspondentes cursos de actualización ou especialización, non os superase ou non os realizase coa periodicidade que regulamentariamente se determine.

i) A falta de presentación ao Ministerio do Interior ou ao órgano autonómico competente do certificado acreditativo da vixencia do contrato de seguro, aval ou seguro de caución nos termos establecidos no artigo 19.1.e) e f) e 24.2.e) e f), así como a non presentación do informe de actividades e o resumo da conta anual a que se refire o artigo 21.1.e) ou a non presentación da memoria a que se refire o artigo 25.1.i)

j) A comunicación dunha ou máis falsas alarmas por negligencia, deficiente funcionamento ou falta de verificación previa.

k) A apertura de delegacións ou sucursais sen obter a autorización necesaria ou sen ter presentado a declaración responsable ante o órgano competente, cando sexa preceptivo.

l) A falta de comunicación ao Ministerio do Interior ou, de ser o caso, ao órgano autonómico competente, das altas e baixas do persoal de seguridade privada, así como dos cambios que se produzan nos seus representantes legais e toda variación na composición persoal dos órganos de administración, xestión, representación e dirección.

m) A prestación de servizo por parte do persoal de seguridade privada sen a debida uniformidade ou sen os medios que regulamentariamente sexan exixibles.

n) A non realización das revisións anuais obrigatorias dos sistemas ou medidas de seguridade cuxo mantemento teñan contratado.

ñ) A carencia ou falta de formalización de calquera dos libros de rexistro obrigatorios.

o) A falta de comunicación ao Ministerio do Interior ou, de ser o caso, ao órgano autonómico competente de todo cambio relativo á súa personalidade ou forma xurídica, denominación, número de identificación fiscal ou domicilio.

p) A falta de mantemento, en todo momento, dos requisitos establecidos para os representantes legais no artigo 22.2.

q) O deficiente funcionamento, por parte das empresas de seguridade privada e despachos de detectives, nas súas sedes, delegacións ou sucursais, das medidas de seguridade obrigatorias, así como o incumprimento das súas revisións obrigatorias.

- r) A prestación de servizos compatibles recollidos no artigo 6.2 empregando persoal non habilitado que utilice distintivos, uniformes ou medios que se poidan confundir cos do persoal de seguridade privada.
- s) O incumprimento dos requisitos impostos ás empresas de seguridade informática.
- t) A prestación de servizos incumprindo o disposto no artigo 19.4.
- u) A actuación de vixilantes de seguridade no exterior das instalacións, inmobles ou propiedades de cuxa vixilancia ou protección estean encargadas as empresas de seguridade privada con motivo da prestación de servizos de tal natureza, fóra dos supostos legalmente previstos.
- v) Non depositar a documentación profesional sobre contratos, informes de investigación e libros de rexistro nas dependencias do Corpo Nacional de Policía ou, de ser o caso, do corpo de policía autonómico competente, en caso de peche do despacho de detectives privados.
- w) A comisión dunha terceira infracción leve ou dunha grave e outra leve no período de dous anos, tendo recaído sanción polas anteriores.
- x) A publicidade de servizos de seguridade privada por parte de persoas, físicas ou xurídicas, carentes da correspondente autorización ou sen ter presentado declaración responsable.
- y) A prestación de servizos de seguridade privada en condicións distintas ás previstas nas comunicacións dos correspondentes contratos.

3. Infraccións leves:

- a) O incumprimento da periodicidade das revisións obrigatorias dos sistemas ou medidas de seguridade cuxo mantemento teñan contratado.
- b) A utilización nos servizos de seguridade privada de vehículos, uniformes ou distintivos con aparencia ou semellanza aos das Forzas e Corpos de Seguridade ou das Forzas Armadas.
- c) A falta de dilixencia na formalización dos libros de rexistro obrigatorios.
- d) En xeral, o incumprimento dos trámites, condicións ou formalidades establecidos por esta lei, sempre que non constitúa infracción grave ou moi grave.

Artigo 58. *Infraccións do persoal que desempeñe funcións de seguridade privada.*

O persoal que desempeñe funcións de seguridade privada, así como os enxeñeiros, técnicos, operadores de seguridade e profesores acreditados poderán incorrer nas seguintes infraccións:

1. Infraccións moi graves:

- a) O exercicio de funcións de seguridade privada para terceiros carecendo da habilitación ou acreditación necesaria.
- b) O incumprimento das previsións contidas nesta lei sobre tenza de armas de fogo fóra do servizo e sobre a súa utilización.
- c) A falta de reserva debida sobre os feitos que coñezan no exercicio das súas funcións ou a utilización de medios materiais ou técnicos de tal forma que atenten contra o dereito ao honor, á intimidade persoal ou familiar, á propia imaxe ou ao segredo das comunicacións, cando non constitúan delito.
- d) A negativa a prestar auxilio ou colaboración ás Forzas e Corpos de Seguridade, cando sexa procedente, na investigación e persecución de actos delituosos, no descubrimento e detención dos delincuentes ou na realización das funcións inspectoras ou de control que lles correspondan.
- e) A negativa a identificarse profesionalmente, no exercicio das súas respectivas funcións, ante a autoridade ou os seus axentes, cando sexan requiridos para iso.
- f) A realización de investigacións sobre delitos perseguibles de oficio ou a falta de denuncia á autoridade competente dos delitos que coñezan os detectives privados no exercicio das súas funcións.

g) A realización de actividades prohibidas no artigo 8.4 sobre reunións ou manifestacións, conflitos políticos e laborais, control de opinións ou a súa expresión, ou a información a terceiras persoas sobre bens de cuxa seguridade estean encargados, no caso de que non sexan constitutivas de delito; salvo que sexan constitutivas de infracción á normativa sobre protección de datos de carácter persoal.

h) O exercicio abusivo das súas funcións en relación cos cidadáns.

i) A realización, orde ou tolerancia, no exercicio da súa actuación profesional, de prácticas abusivas, arbitrarias ou discriminatorias, incluído o acoso, que entrañen violencia física ou moral, cando non constitúan delito.

j) O abandono ou a omisión inxustificadas do servizo por parte do persoal de seguridade privada, dentro da xornada laboral establecida.

k) A elaboración de proxectos ou execución de instalacións ou mantementos de sistemas de seguridade conectados a centrais receptoras de alarmas, centros de control ou de videovixilancia, sen dispor da acreditación correspondente expedida polo Ministerio do Interior.

l) A non realización do informe de investigación que preceptivamente deben elaborar os detectives privados ou a súa non entrega ao contratante do servizo, ou a elaboración de informes paralelos.

m) O exercicio de funcións de seguridade privada por parte do persoal a que se refire o artigo 28.3 e 4.

n) A comisión dunha terceira infracción grave ou dunha grave e outra moi grave no período de dous anos, tendo sido sancionado polas anteriores.

2. Infraccións graves:

a) A realización de funcións de seguridade privada que excedan a habilitación obtida.

b) O exercicio de funcións de seguridade privada por persoal habilitado, non integrado en empresas de seguridade privada ou no cadro de persoal da empresa, cando resulte preceptivo conforme o disposto no artigo 38.5, ou á marxe dos despachos de detectives.

c) A falta de respecto ao honor ou á dignidade das persoas.

d) O exercicio do dereito á folga á marxe do disposto ao respecto para os servizos que resulten ou declare esenciais a autoridade pública competente, ou nos cales o servizo de seguridade se impuxese obrigatoriamente, nos supostos a que se refire o artigo 8.6.

e) A non identificación profesional, no exercicio das súas respectivas funcións, cando sexan requiridos para iso polos cidadáns.

f) A retención da documentación persoal en contra do previsto no artigo 32.1.b).

g) A falta de dilixencia no cumprimento das respectivas funcións por parte do persoal habilitado ou acreditado.

h) A identificación profesional facendo uso de documentos ou distintivos diferentes aos dispostos legalmente para iso ou acompañando estes con emblemas ou distintivos de aparencia semellante aos das Forzas e Corpos de Seguridade ou das Forzas Armadas.

i) A negativa a realizar os cursos de formación permanente a que están obrigados.

j) A elaboración de proxectos ou execución de instalacións ou mantementos de sistemas de seguridade conectados a centrais receptoras de alarmas, centros de control ou de videovixilancia, non axustados ás normas técnicas regulamentariamente establecidas.

k) A omisión, total ou parcial, dos datos que obrigatoriamente debe conter o informe de investigación que deben elaborar os detectives privados.

l) O exercicio de funcións de seguridade privada incompatibles entre si por parte de persoal habilitado para elas.

m) A comisión dunha terceira infracción leve ou dunha grave e outra leve no período de dous anos, tendo recaído sanción polas anteriores.

n) A validación provisional de sistemas ou medidas de seguridade que non se adecuen á normativa de seguridade privada.

3. Infraccións leves:

- a) A actuación sen a debida uniformidade ou medios que regulamentariamente sexan exhibibles ou sen portar os distintivos ou a documentación profesional, así como a correspondente á arma de fogo utilizada na prestación do servizo encomendado.
- b) O trato incorrecto ou desconsiderado cos cidadáns.
- c) A non formalización, total ou parcial, por parte dos técnicos acreditados, do documento xustificativo das revisións obrigatorias dos sistemas de seguridade conectados a centrais receptoras de alarmas, centros de control ou de videovixilancia.
- d) En xeral, o incumprimento dos trámites, condicións ou formalidades establecidos por esta lei, sempre que non constituía infracción grave ou moi grave.

Artigo 59. *Infraccións dos usuarios e centros de formación.*

Os usuarios de servizos de seguridade privada e os centros de formación de persoal de seguridade privada poderán incurrir nas seguintes infraccións:

1. Moi graves:

- a) A contratación ou utilización a sabendas dos servizos de empresas de seguridade ou despachos de detectives carentes da autorización específica ou declaración responsable necesaria para o desenvolvemento dos servizos de seguridade privada.
- b) A utilización de aparellos de alarmas ou outros dispositivos de seguridade non homologados cando sexan susceptibles de causar grave dano ás persoas ou aos intereses xerais.
- c) O incumprimento, por parte dos centros de formación, dos requisitos e condicións exixidos na declaración responsable ou impartir cursos sen a ter presentado.
- d) A negativa a prestar auxilio ou colaboración ás Forzas e Corpos de Seguridade competentes na realización das funcións inspectoras das medidas de seguridade, dos centros de formación e dos establecementos obrigados.
- e) A non adecuación dos cursos que se impartan nos centros de formación ao previsto regulamentariamente en canto á súa duración, modalidades e contido.
- f) A falta de adopción ou instalación das medidas de seguridade que resulten obrigatorias.
- g) A falta de comunicación das incidencias detectadas e confirmadas no seu centro de control da seguridade da información e as comunicacións, cando sexa preceptivo.
- h) A contratación ou utilización a sabendas de persoas carentes da habilitación ou acreditación necesarias para a prestación de servizos de seguridade ou a utilización de persoal docente non acreditado en actividades de formación.
- i) A comisión dunha terceira infracción grave ou dunha grave e outra moi grave no período de dous anos, tendo sido sancionado polas anteriores.
- j) A entrada en funcionamento, sen autorización previa, de centrais receptoras de alarmas de uso propio por parte de entidades públicas ou privadas.
- k) Obrigar o persoal habilitado contratado a realizar outras funcións distintas a aquelas para as cales foi contratado.

2. Graves:

- a) O incumprimento das revisións preceptivas dos sistemas ou medidas de seguridade obrigatorias que teñan instalados.
- b) A utilización de aparellos de alarma ou outros dispositivos de seguridade non homologados.
- c) A non comunicación ao órgano competente das modificacións que afecten calquera dos requisitos que deron lugar á autorización dos centros de formación.
- d) A impartición dos cursos de formación fóra das instalacións autorizadas dos centros de formación.
- e) O anormal funcionamento das medidas de seguridade obrigatorias adoptadas ou instaladas cando ocasionen prexuízos á seguridade pública ou a terceiros.

- f) A utilización de persoal docente non acreditado en actividades de formación.
- g) A comisión dunha terceira infracción leve ou dunha grave e outra leve no período de dous anos, tendo recaído sanción polas anteriores.
- h) O incumprimento, por parte dos usuarios de seguridade privada, da obrigaón de situar á fronte da seguridade integral da entidade, empresa ou grupo empresarial un director de seguridade, en contra do previsto no artigo 36.2.

3. Leves:

- a) A utilización de aparellos ou dispositivos de seguridade sen axustarse ás normas que os regulen ou cando o seu funcionamento cause danos ou molestias desproporcionados a terceiros.
- b) O anormal funcionamento das medidas ou sistemas de seguridade que se teñan instalados.
- c) As irregularidades na formalización dos rexistros establecidos.
- d) En xeral, o incumprimento das obrigaóns contidas nesta lei que non constitúa infracción grave ou moi grave.

Artigo 60. *Colaboración regulamentaria.*

As disposicións regulamentarias de desenvolvemento poderán introducir especificacións ou graduacións no cadro das infraccións e sancións establecidas nesta lei que, sen constituíren novas infraccións ou sancións nin alteraren a natureza ou límites das que nela se recollen, contribúan a unha identificación máis correcta das condutas ou a unha determinación máis precisa das sancións correspondentes.

CAPÍTULO II

Sancións

Artigo 61. *Sancións ás empresas que desempeñen actividades de seguridade privada, aos seus representantes legais, aos despachos de detectives privados e ás centrais de alarma de uso propio.*

As autoridades competentes poderán impor, pola comisión das infraccións tipificadas no artigo 57, as seguintes sancións:

- 1. Pola comisión de infraccións moi graves:
 - a) Multa do 30.001 a 600.000 euros.
 - b) Extinción da autorización, ou peche da empresa ou despacho nos casos de declaración responsable, que comportará a prohibición de volver a obtela ou presentala, respectivamente, por un prazo de entre un e dous anos, e cancelación da inscrición no rexistro correspondente.
 - c) Prohibición para ocupar cargos de representación legal en empresas de seguridade privada por un prazo de entre un e dous anos.
- 2. Pola comisión de infraccións graves:
 - a) Multa de 3.001 a 30.000 euros.
 - b) Suspensión temporal da autorización ou da declaración responsable por un prazo de entre seis meses e un ano.
 - c) Prohibición para ocupar cargos de representación legal en empresas de seguridade privada por un prazo de entre seis meses e un ano.
- 3. Pola comisión de infraccións leves:
 - a) Apercibimento.
 - b) Multa de 300 a 3.000 euros.

Artigo 62. *Sancións ao persoal.*

As autoridades competentes poderán impor, pola comisión das infraccións tipificadas no artigo 58, as seguintes sancións:

1. Pola comisión de infraccións moi graves:
 - a) Multa de 6.001 a 30.000 euros.
 - b) Extinción da habilitación, que comportará a prohibición de volver a obtela por un prazo de entre un e dous anos e cancelación da inscrición no Rexistro Nacional.
2. Pola comisión de infraccións graves:
 - a) Multa de 1.001 a 6.000 euros.
 - b) Suspensión temporal da habilitación por un prazo de entre seis meses e un ano.
3. Pola comisión de infraccións leves:
 - a) Apercibimento.
 - b) Multa de 300 a 1.000 euros.

Artigo 63. *Sancións a usuarios e centros de formación.*

As autoridades competentes poderán impor, pola comisión das infraccións tipificadas no artigo 59, as seguintes sancións:

1. Pola comisión de infraccións moi graves:
 - a) Multa de 20.001 a 100.000 euros.
 - b) Peche do centro de formación, que comportará a prohibición de volver a presentar a declaración responsable para a súa apertura por un prazo de entre un e dous anos e cancelación da inscrición no rexistro correspondente.
 - c) A clausura, desde seis meses e un día a dous anos, dos establecementos que non teñan en funcionamento as medidas de seguridade obrigatorias.
2. Pola comisión de infraccións graves:
 - a) Multa de 3.001 a 20.000 euros.
 - b) Suspensión temporal da declaración responsable do centro de formación por un prazo de entre seis meses e un ano.
3. Pola comisión de infraccións leves:
 - a) Apercibimento.
 - b) Multa de 300 a 3.000 euros.

Artigo 64. *Graduación das sancións.*

Para a graduación das sancións, os órganos competentes terán en conta a gravidade e transcendencia do feito, o posible prexuízo para o interese público, a situación de risco creada ou mantida para persoas ou bens, a reincidencia, a intencionalidade, o volume de actividade da empresa de seguridade, despacho de detectives, centro de formación ou establecemento contra o cal se dite a resolución sancionadora, e a capacidade económica do infractor.

Artigo 65. *Aplicación das sancións.*

1. As sancións previstas nesta lei poderanse aplicar de forma alternativa ou acumulativa.
2. A aplicación de sancións pecuniarias tenderá a evitar que a comisión das infraccións tipificadas non resulte máis beneficiosa para o infractor que o cumprimento das normas infrinxidas.

Artigo 66. *Competencia sancionadora.*

1. No ámbito da Administración xeral do Estado, a potestade sancionadora corresponderá:

a) Ao ministro do Interior, para impor as sancións de extinción das autorizacións, habilitacións e declaracións responsables.

b) Ao secretario de Estado de Seguridade, para impor as restantes sancións por infraccións moi graves.

c) Ao director xeral da Policía, para impor as sancións por infraccións graves.

Cando, no curso das inspeccións por parte da Garda Civil dos cursos para gardas rurais, impartidos por centros de formación non exclusivos destes, se detecten posibles infraccións, a sanción corresponderá ao director xeral da Policía.

d) Ao director xeral da Garda Civil, para impor as sancións por infraccións graves en relación cos gardas rurais e centros e cursos de formación exclusivos para este persoal.

e) Aos delegados e aos subdelegados do Goberno, para impor as sancións por infraccións leves.

2. No ámbito das comunidades autónomas con competencia en materia de seguridade privada, a potestade sancionadora corresponderá aos titulares dos órganos que se determinen en cada caso.

3. Contra as resolucións sancionadoras poderanse interpor os recursos previstos na legislación de procedemento administrativo e na da xurisdición contencioso-administrativa.

Artigo 67. *Comiso do material.*

O material prohibido, non homologado ou indebidamente utilizado en servizos de seguridade privada, será comisado e destruírse se non é de lícito comercio, ou allearse noutro caso, quedando en depósito a cantidade que se obteña para facer fronte ás responsabilidades administrativas ou doutra orde en que se puidese incurrir.

Artigo 68. *Prescripción das sancións.*

1. As sancións impostas por infraccións leves, graves ou moi graves prescribirán, respectivamente, ao ano, aos dous anos e aos catro anos.

2. O prazo de prescripción comezará a contarse desde o día seguinte a aquel en que sexa firme a resolución pola cal se impón a sanción, se esta non se comezase a executar, ou desde que se quebrantase o seu cumprimento, se comezase, e interromperase desde que se comece ou se restableza a execución ou o cumprimento.

CAPÍTULO III

Procedemento

Artigo 69. *Medidas cautelares.*

1. Iniciado o procedemento sancionador, o órgano que ordenase a súa incoación poderá adoptar as medidas cautelares necesarias para garantir a súa adecuada instrución, así como para evitar a continuación da infracción ou asegurar o pagamento da sanción, no caso de que esta sexa pecuniaria, e o seu cumprimento nos demais supostos.

2. Estas medidas, que deberán ser congruentes coa natureza da presunta infracción e proporcionadas á súa gravidade, poderán consistir:

a) Na ocupación ou precinto de vehículos, armas, material ou equipamento prohibido, non homologado ou que resulte perigoso ou prexudicial, así como dos instrumentos e efectos da infracción.

b) Na retirada preventiva das autorizacións, habilitacións, permisos ou licenzas, ou na suspensión, de ser o caso, da eficacia das declaracións responsables.

c) Na suspensión da habilitación do persoal de seguridade privada e, de ser o caso, da tramitación do procedemento para o outorgamento daquela, mentres dure a instrución de expedientes por infraccións graves ou moi graves en materia de seguridade privada.

Tamén poderán ser suspendidas as indicadas habilitación e tramitación ata que finalice o proceso por delitos contra o dito persoal.

3. As medidas cautelares previstas nas letras b) e c) do número anterior non poderán ter unha duración superior a un ano.

Artigo 70. *Executoriedade.*

1. As sancións impostas serán inmediatamente executivas desde que a resolución adquira firmeza en vía administrativa.

2. Cando a sanción sexa de natureza pecuniaria e non se preveia prazo para a satisfacer, a autoridade que a impuxo sinalarao, sen que poida ser inferior a quince nin superior a trinta días hábiles, e poderase acordar o fraccionamento do pagamento.

3. Nos casos de suspensión temporal e extinción da eficacia de autorizacións, habilitacións ou declaracións responsables e prohibición do exercicio da representación legal das empresas, a autoridade sancionadora sinalará un prazo de execución suficiente, que non poderá ser inferior a quince días hábiles nin superior a dous meses, oíndo o sancionado e os terceiros que poidan resultar directamente afectados.

Artigo 71. *Publicidade das sancións.*

As sancións, así como os nomes, apelidos, denominación ou razón social das persoas físicas ou xurídicas responsables da comisión de infraccións moi graves, cando adquirisen firmeza en vía administrativa, poderán ser feitas públicas, en virtude de acordo da autoridade competente para a súa imposición, sempre que concorra risco para a seguridade dos usuarios ou cidadáns, reincidencia en infraccións de natureza análoga ou acreditada intencionalidade.

Artigo 72. *Multas coercitivas.*

1. Para lograr o cumprimento das resolucións sancionadoras, as autoridades competentes relacionadas no artigo 66 poderán impor multas coercitivas, de acordo co establecido na lexislación de procedemento administrativo.

2. A contía destas multas non excederá os 6.000 euros, pero poderase aumentar sucesivamente no 50 por 100 da cantidade anterior en casos de reiteración do incumprimento.

3. As multas coercitivas serán independentes das sancións pecuniarias que se poidan impor e compatibles con elas.

Disposición adicional primeira. *Comercialización de produtos.*

Na comercialización de produtos provenientes dos Estados membros da Unión Europea, do Espazo Económico Europeo ou de calquera país terceiro con que a Unión Europea teña un acordo de asociación e que estean sometidos a regulamentacións nacionais de seguridade, equivalentes á regulamentación española de seguridade privada, atenderase aos estándares previstos polas entidades de certificación acreditadas que ofrezan, a través da súa administración pública competente, garantías técnicas profesionais e de independencia e imparcialidade equivalentes ás exixidas pola lexislación española, e a que as disposicións do Estado, con base nas cales se avalía a conformidade, comporten un nivel de seguridade equivalente ao exixido polas disposicións legais aplicables.

Disposición adicional segunda. *Contratación de servizos de seguridade privada polas administracións públicas.*

1. En consideración á relevancia para a seguridade pública dos servizos de seguridade privada, de conformidade co artigo 118 do texto refundido da Lei de contratos

do sector público, aprobado polo Real decreto legislativo 3/2011, do 14 de novembro, os órganos de contratación das administracións públicas poderán establecer condicións especiais de execución dos contratos de servizos de seguridade relacionadas co cumprimento das obrigacións laborais por parte das empresas de seguridade privada contratistas.

2. Os pregos de cláusulas administrativas particulares ou os contratos poderán establecer penalidades para o caso de incumprimento destas condicións especiais de execución, ou atribuírles o carácter de obrigacións contractuais esenciais para os efectos da resolución dos contratos, de acordo cos artigos 212.1 e 223.f).

Disposición adicional terceira. *Cooperación administrativa.*

En consideración á relevancia para a seguridade pública dos servizos de seguridade privada, os órganos competentes en materia policial, tributaria, laboral e de seguridade social establecerán mecanismos de información, control e inspección conxunta en relación coas empresas de seguridade privada para evitar a fraude e a intrusión.

Disposición transitoria primeira. *Habilitacións profesionais anteriores á entrada en vigor desta lei.*

1. As habilitacións do persoal de seguridade privada obtidas antes da entrada en vigor desta lei manterán a súa validez sen necesidade de ningunha validación ou troca.

2. As habilitacións correspondentes aos gardas particulares do campo entenderanse feitas á nova categoría de gardas rurais.

Disposición transitoria segunda. *Persoal de centrais receptoras de alarmas.*

Aqueles que no momento da entrada en vigor desta lei estean desempeñando a súa actividade en centrais receptoras de alarmas poderán continuar desenvolvendo as súas funcións sen necesidade de obter ningunha acreditación específica.

Disposición transitoria terceira. *Enxeñeiros e técnicos das empresas de seguridade.*

Os enxeñeiros e técnicos encadrados, no momento de entrada en vigor desta lei, en empresas de seguridade autorizadas para a actividade de instalación e mantemento de sistemas de seguridade recollida no artigo 5.1.f) poderán continuar desenvolvendo as súas funcións sen necesidade de obter a acreditación específica a que se refire o artigo 19.1.c).

Disposición transitoria cuarta. *Prazos de adecuación.*

1. As empresas de seguridade privada e as súas delegacións, os despachos de detectives privados e as súas sucursais, as medidas de seguridade adoptadas e o material ou equipamento en uso no momento da entrada en vigor desta lei de acordo coa normativa anterior, pero que non cumpran, total ou parcialmente, os requisitos ou exixencias establecidos nesta lei e nas súas normas de desenvolvemento, deberanse adaptar a tales requisitos e exixencias, dentro dos seguintes prazos de adecuación, computados a partir da súa entrada en vigor:

a) Dous anos respecto aos requisitos novos das empresas de seguridade privada e as súas delegacións e dos despachos de detectives privados e as súas sucursais.

b) Dez anos para as medidas de seguridade electrónicas das empresas de seguridade, dos establecementos obrigados e das instalacións dos usuarios non obrigados.

c) Un ano para a obtención da certificación prevista no artigo 19.4.

2. As medidas de seguridade física instaladas con anterioridade á entrada en vigor desta lei terán unha validez indefinida, ata o final da súa vida útil; porén, deberán ser

actualizadas en caso de resultar afectadas por reformas estruturais dos sistemas de seguridade dos cales formen parte.

3. Os sistemas de seguridade e os elementos de seguridade física, electrónica e informática que se instalen a partir da entrada en vigor desta lei deberán cumprir todas as exixencias e requisitos establecidos nela e na súa normativa de desenvolvemento.

Disposición transitoria quinta. *Actividade de planificación e asesoramento.*

1. As empresas de seguridade autorizadas e inscritas unicamente para a actividade de planificación e asesoramento prevista no artigo 5.1.g) da Lei 23/1992, do 30 de xullo, de seguridade privada, disporán dun prazo de tres meses, desde a entrada en vigor desta lei, para solicitar autorización para calquera das actividades enumeradas no seu artigo 5.1, excepto a recollida na letra h).

2. As empresas de seguridade referidas no número anterior que, transcorrido ese prazo, non solicitasen a mencionada autorización, serán dadas de baixa de oficio, e cancelárase a súa inscrición no Rexistro Nacional de Seguridade Privada e, de ser o caso, no rexistro autonómico correspondente.

3. No caso das empresas de seguridade que, no momento da entrada en vigor desta lei, estivesen autorizadas e inscritas para a actividade de planificación e asesoramento e, ademais, para calquera outra recollida no artigo 5.1, cancelárase de oficio a súa inscrición e autorización no Rexistro Nacional de Seguridade Privada e, de ser o caso, no rexistro autonómico correspondente unicamente respecto á dita actividade de planificación e asesoramento.

4. As empresas de seguridade referidas no número anterior disporán dun prazo dun ano, desde a entrada en vigor desta lei, para adecuar os respectivos importes do seguro de responsabilidade civil ou outra garantía financeira, así como do aval ou seguro de caución, en función das actividades para as cales continúen autorizadas e inscritas nos rexistros correspondentes.

5. Os procedementos administrativos que, no momento da entrada en vigor desta lei, se estean a tramitar en relación coa solicitude de autorización e inscrición para desenvolver unicamente a referida actividade de planificación e asesoramento daranse por terminados e arquivaranse as actuacións.

6. Os procedementos administrativos que, no momento da entrada en vigor desta lei, se estean a tramitar en relación coa solicitude de autorización para desenvolver actividades de seguridade privada entre as cales se inclúa a referida actividade de planificación e asesoramento, continuarán a súa tramitación en relación exclusivamente co resto de actividades solicitadas.

Disposición derogatoria única. *Derrogación normativa.*

1. Queda derogada a Lei 23/1992, do 30 de xullo, de seguridade privada, e cantas normas de igual ou inferior rango se opoñan ao disposto nesta lei.

2. O Regulamento de seguridade privada, aprobado polo Real decreto 2364/1994, do 9 de decembro, e o resto da normativa de desenvolvemento da Lei 23/1992, do 30 de xullo, e do propio regulamento manterán a súa vixencia no que non contraveña esta lei.

Disposición derradeira primeira. *Título competencial.*

Esta lei dítase ao abeiro do disposto no artigo 149.1.29.^a da Constitución, que atribúe ao Estado a competencia exclusiva en materia de seguridade pública.

Disposición derradeira segunda. *Procedemento administrativo.*

En todo o non regulado expresamente nesta lei aplicarase a lexislación sobre procedemento administrativo.

Disposición derradeira terceira. *Desenvolvemento normativo.*

1. O Goberno, por proposta do ministro do Interior, ditará as disposicións regulamentarias que sexan precisas para o desenvolvemento e a execución do disposto nesta lei e, concretamente, para determinar:

- a) Os requisitos e as características que deben reunir as empresas e entidades obxecto de regulación.
- b) As condicións que se deben cumprir na realización de actividades de seguridade privada e na prestación de servizos desta natureza.
- c) As características que deben reunir as medidas de seguridade privada e os medios técnicos e materiais utilizados nas actividades e servizos de seguridade privada.
- d) As funcións, deberes, responsabilidades e cualificación do persoal de seguridade privada e do persoal acreditado.
- e) O réxime de habilitación e acreditación do dito persoal.
- f) Os órganos do Ministerio do Interior competentes, en cada caso, para o desempeño das distintas funcións.

2. Facúltase, así mesmo, o Goberno para actualizar a contía das multas, de acordo coas variacións do indicador público de renda de efectos múltiples.

Disposición derradeira cuarta. *Entrada en vigor.*

Esta lei entrará en vigor aos dous meses da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Por tanto,
Mando a todos os españois, particulares e autoridades, que cumbran e fagan cumprir esta lei.

Madrid, 4 de abril de 2014.

JUAN CARLOS R.

O presidente do Goberno,
MARIANO RAJOY BREY